A NOSA
MEMORIA



NICOMEDES PASTOR DÍAZ

Carlos Adrán Goás

A NOSA
MEMORIA

NICOMEDES PASTOR DÍAZ

Carlos Adrán Goás

XUNTA DE GALICIA

CONSELLEIRO DE CULTURA, COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO
Jesús Pérez Varela
DIRECTOR XERAL DE PROMOCIÓN CULTURAL
Homero José Mª Pérez Quintana
SUBDIRECTOR XERAL DE PROMOCIÓN CULTURAL E DO LIBRO E BIBLIOTECAS
Xavier Senín Fernández
© XUNTA DE GALICIA
© do texto: Carlos Adrán Goás
EDITA: Xunta de Galicia
Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo
Dirección Xeral de Promoción Cultural
DESEÑO: Eloy Lozano Publicidad
IMPRIME: Artes Gráficas Litonor
I.S.B.N.: 84-453-2230-3 Depósito Legal: C-2011-1998

ÍNDICE

Presentación 5

Biografía 7
Nacemento e primeiros anos 7
No Colexio Insigne 10
O sentimento patriótico 12
Primeiro amor 14
En Mondoñedo 15
Na Universidade de Santiago 17
En Madrid 24
Xornalista e funcionario 28
Na política 32
Annus horribilis 39
As eleccións, ministro, académico, rector 41
Diplomático 45
De volta en Madrid. Outra vez ministro 48
A morte 49
A súa doenza 51

Datas para unha vida 53

A súa obra 69
A - Obra poética 69
B - Álbum literario 72
C - Biografías 72
D - Escritos políticos 73
E - Discursos parlamentarios 74
F - Discursos académicos 74
G - Novelas 75
H - Caderno íntimo 75
I - Cartas 76

Bibliografía 79

Nicomedes Pastor Díaz, precursor do Rexurdimento e iniciador do Romanticismo, foi un dos galegos máis ilustres e ó mesmo tempo esquecidos do pasado século. Rexeitado polos seus veciños e contrincantes políticos en Galicia, foi acollido en terra allea con agarimo.

Amigo do amigo, de palabra fácil e precisa, creador de fermosas imaxes, portador de grandes valores humanos, defensor das súas crenzas aínda en momentos difíciles, rexeitou a folgazanería, a adulación e a mentira.

Traballador, intelixente e consecuente coas súas ideas, participou activamente na vida política e cultural do seu tempo.

A súa sensibilidade de poeta fíxolle sufrir moito máis cá artrose que acabou coa súa vida. Ninguén coma el defendeu os intereses de Galicia na Corte. Sirva este libro de mínima homenaxe a un home honesto que tivo sempre a gala a súa condición de galego.

Jesús Pérez Varela

Conselleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo

BIOGRAFÍA

Nacemento e primeiros anos

Había ano e medio que a francesada, mandada polo xeneral Mathieu, estragara Viveiro, cando o escusador de don Juan Maseda Zaragoza o 2 de agosto de 1910 casou ó novo funcionario do Cuerpo Administrativo de la Armada, don Antonio Díaz Insua, coa viveiresa María López Corbelle. O casamento celebrouse na igrexa parroquial de Santiago de Viveiro que estaba na banda sur da praza. Unha das testemuñas foi o párroco don Vicente Fernández Vizoso.

Os Corbelle eran e aínda son xente de Covas, dos Basilios, que lembran a súa parentela co poeta.

Dicía Gerino Núñez que o matrimonio viviu moitos anos na casa número 6 da rúa Quiroga. Nos baixos da casa don Antonio Díaz tiña un café, con mesa de billar na primeira planta, do que era conserxe un barbeiro

chamado Melchor que atendía os clientes e mantiña á raia ós rapaces que entrenaban a facer carambolas a tres bandas.

Non rematara a lúa de mel don Antonio cando o 20 do outono se enrolou na Milicia Honrada de Vivero que mandaba o Capitán don Benito de la Rosa, oficial do Regimiento Provincial de Mondoñedo.



Casa onde naceu Pastor Díaz.

En novembro, o día 2, a ría de Viveiro encheuse de afogados. Foron a piques contra os Castelos da praia de Covas a fragata Magdalena, o bergantín Palomo e máis barcos da Armada que chegaran de arribada. Centos de mortos, que se recolleron con carros de bois, encheron as praias da ría. Os que puideron enterráro-

nos na area nunha furada común, onde lles puxeron unha cruz, os demais queimáronos. Viveiro estivo de loito unha chea de tempo.



Berce do poeta.

O 15 de setembro do ano seguinte, 1811, o novo matrimonio tiña o primeiro fillo, que se apuraron a bautizar. Seguindo o costume da vila, puxéronlle o nome do santo do día, Nicomedes, e Pastor pola súa madriña, que se chamaba Pastora. Foi padriño o seu avó don Antonio López Corbelle.

O 19 de marzo de 1812 os representantes da España verdadeira aprobaron en Cádiz a primeira Constitución ó berro de "Viva la Pepa". A infancia de Nicomedes Pastor foi alumeada polos acontecementos políticos que se viviron naquel tempo.

Cando tiña dous anos, 1813, artellouse en Viveiro o

primeiro Concello Constitucional presidido por don Ramón Vicente Trelles y Cora e naceu súa irmá Carlota o 16 de novembro, segunda filla do matrimonio que chegaría a ter ata dez. Os padriños de Carlota foron don Luis Ponte y Martínez, crego de Benquerencia, e María Pernas.

Ó ano seguinte –o 4 de abril de 1814– chegou a Gerona Fernando VII, o rei que endexamais España mereceu, que impuxo unha política absolutista derrogando a Constitución –Manifiesto de Valencia do 4 de maio– que con tanto esforzo fora aprobada en Cádiz polo pobo español, que o defendeu ata a morte.

O 13 de maio de 1817 bautizaron a súa irmá Petra da que foron padriños os avós maternos, don Antonio López Corbelle e dona Nicolasa Fernández.

No Colegio Insigne

Con sete anos cumpridos, Nicomedes Pastor ingresou no Colegio Insigne de la Natividad de Nuestra Señora, centro docente fundado no século XVI en Viveiro por dona María Sarmiento Osorio y Ribadeneira, do que era rector o famoso crego don José López Pantoja, gran humanista e severo educador.

Comezou a cursar os tres anos de gramática o día de San Lucas, 18 de outono do ano 1818, e parece que amosou aplicación e proveito.

Nas vacacións de verán de 1819 naceulle outra irmá, María del Carmen, o 14 de xullo; foron padriños don Manuel Veiga e dona Josefa Corbelle y Senra, tíos da nena.

Estes anos que pasou no Colexio foron moi importantes na vida de Pastor Díaz. Neles iniciouse como gramático, latinista, e polemista, ademais de recibir unha axeitada educación cristiá. Dende pequenos acostumábanos non só a exercitar a memoria, senón tamén a recitar, expoñer, argüír e contradicir ou refutar nos solemnes actos académicos que se celebraban no Colexio ó longo do curso. A base destes estudios era o latín no que chegaban a conseguir un gran dominio da construcción e do vocabulario.

A boa formación gramatical e humanística non esquecía a relixiosa e a patriótica. Foi no Colegio Insigne onde acadou os hábitos de vida cristiá ó estilo daquel tempo. Alí os alumnos frecuentaban os sacramentos, a lectura espiritual e tódolos días rezaban o "Oficio Parvo de Nuestra Señora", devoción que practicou de por vida. Esta formación relixiosa non se limitaba ás prácticas litúrxicas; tiña un fondo contido moral no que se coidaban moito de formalos. Era unha prolongación do que se vivía na casa e na rúa.

Tamén se lles iniciaba no sentimento patriótico.

Non en balde o Colexio sufriu en febreiro de 1809 as consecuencias da toma de Viveiro polos franceses que

atacaron pola ponte e encheron de morte e sangue a vila. Xunto ó Colexio o 18 de febreiro de 1809 Antonio Bas defendeu a vila ata morrer.

As linguas que se falaban en Viveiro eran o galego e o castelán. A linguaxe coloquial nos medios mariñeiros, labregos e do pobo en xeral era o galego. A clase media, os funcionarios, a igrexa e a xente que se coidaba culta, falaba o castelán. Nicomedes falaba na casa o castelán; na rúa e cos compañeiros do Colexio, o galego.

A preparación gramatical e lingüística que logrou no Colexio facilitoulle as ferramentas da palabra. Axiña avicou nel a sensibilidade artística, o xenio poético. Como bo alumno que foi aprendeu a preceptiva literaria, que manexaría con gran xeito e arte toda a súa vida.

O sentimento patriótico

A súa formación cristiá, gramatical e humanística foina completando co sentimento patriótico que viviu na casa, no Colexio e na rúa.

Dous anos antes de nacer Nicomedes, como temos dito, Viveiro foi tomado polos franceses. O rector do Colexio, ante a ameaza de invasión, ordenou que os colexiais abandonasen o edificio e se agachasen nas casas da vila. No mencer do 18 de febreiro de 1809 un batallón de

franceses, procedentes de Ferrol, mandados polo tenente coronel M. Freni, apareceu na outra banda da ponte coa intención de cruzala. Antonio Bas, licenciado da Marina polas feridas de combate do Cabo San Vicente, tísico e con quentura, ergueuse do leito e encaramouse ó castelo da ponte. Aferrado a un canón e con xenio mantivo a raia ós gabachos. Pola porta de Santa Ana os xenerais Mathieu e Bardel, que viñan de Mondoñedo, lograron entrar non sen antes sufrir moitas baixas. Mais Antonio Bas viuse entre dous lumes; chantou o canón e fuxiu fronte a Santo Alvites defendendo ós veciños que buscaban acadar a altura para se agachar. Morreu fronte ó inimigo disparando para protexelos na fuga.

Este heroe viveirense foi gabado polo pobo. No Colexio, que quedou estragado como consecuencia da batalla, poñíano como exemplo e coidaban espertar nos pícaros a honra do servicio á Patria e a defensa dos ideais de liberdade e independencia.

Viveiro alentou uns anos de esperanza no Trienio Liberal, cando o neno Nicomedes no Colexio aínda facía concordancias, conxugaba verbos latinos e recitaba ringleiras de pretéritos e supinos.

Fernando VII o 9 de marzo de 1820 xurou a Constitución de 1812 en Madrid. O 20 de marzo xuntouse na Casa Consistorial de Viveiro a Corporación Municipal para xurar e logo proclama-la Constitución. Foi un acto solemne no que participou o pobo e aquel día houbo festa na vila.

Os actos oficiais cos que se celebrou en Viveiro o restablecemento da Constitución, nos que os rexedores se despediron do pobo con emotivos discursos, os novos concelleiros fixeron a xura, e proclamouse na praza a Constitución, quedaron gravados no máis fondo da alma de Nicomedes. Endexamais os esqueceu.

Este sentimento de liberdade e orde que ollou no pobo e no que foi motivado no Colexio, abrallouno de tal xeito que chegou a verter nunhas sinxelas coplas de xuventude as súas patrióticas e ferventes emocións. Mágoa que estas coplas se perdesen.

Primeiro amor

Debeu ser neste ano de 1820 no que, segundo a tradición, pola Semana Santa, nunha igrexa viu unha pícara da que se namorou.

Chao Espina e don Jesús Noya din que era de Galdo, e don Modesto Pérez Rodríguez chegou a sabe-lo seu nome.

Cando Nicomedes Pastor estudiaba en Mondoñedo, pola señora Ramona, mandadeira que servía o correo para cregos e seminaristas certos días do mes entre Viveiro e Mondoñedo por atallos e camiños de pé, soubo que o seu amor estaba doente.

Este precoz namoramento remataría dun xeito tráxico. A pícara morrería cedo. Non a esqueceu. O poeta quedou vencellado á súa lembranza. Foi o primeiro amor, non o único. Os comentaristas da súa obra queren ver en Lina, protagonista da novela *De Villahermosa a la China*, a encarnación dese amor. Din que este amor foi a súa eterna musa; tamén Eulalia lle inspirou *Cita*. Habería máis amores na súa vida.

En Mondoñedo

Rematou os estudios do Colexio polo San Xoán de 1821.

Nese verán houbo unha gran ledicia na casa; naceulle o seu irmán. Foi o 22 de agosto, por eso lle puxeron, Felipe Benicio, o santo do día. Nicomedes foi o seu padriño.

No plan de estudios vixente na época, para poder chegar á Universidade, había que cursar Filosofía. En Viveiro rematara xa a Gramática. Só en Mondoñedo podía seguir Artes, que así lle chamaban, o que non obrigaba a segui-la carreira de crego. Mondoñedo foi unha etapa señeira na súa vida: era poeta, a primeira vez que saía da casa, tiña dez anos, estaba namorado...

Polas San Lucas, Nicomedes entrou no Seminario de Mondoñedo. Axiña actuou nas actividades do cen-

tro. O 29 de novembro xa participou nun acto académico xunto ó seu compañeiro, Xoán Vidal, argüíndo contra os asertos aritméticos que defendía Xoán Piñeiro.

No segundo ano de Filosofía, curso 1822-1823, non se fixeron Academias; parece que non eran tempos axeitados. Non por eso deixou Nicomedes de compoñer os seus poemas; derramar nos versos as súas emocións apaxionadas.

No curso 1823-1824 quedou en Viveiro polos acontecementos políticos daquel ano no que se derrogou a Constitución e se voltou a impoñer un sistema onmimioso ós españois. Por primeira vez na súa curta vida viu ameazados os estudios por mor da política.

Do mesmo xeito que se gabou con coplas no ano 1820 cando se repuxo a Constitución, chorou esta vez nunha elexía o penoso acontecemento.

Cursou terceiro de filosofía no ano escolar 1824-1825; por méritos propios nomeárono fiscal das Academias e actuou os días 16 de xaneiro, 13 de marzo, 17 de abril, 16 de maio e 12 de xuño. Mondoñedo foi para Pastor Díaz algo máis que un trámite; chegoulle moi dentro.

Na Universidade de Santiago

En malos tempos chegou Nicomedes a Santiago que daquela comezaba a decaer politicamente. Dende o Trienio Liberal en que perdera a capitalidade da provincia (Decreto de 27 de xaneiro 1822), Santiago ía pouco a pouco perdendo prestixio, anque en 1824 tivera a recompensa de recibir a sede da Capitanía Xeral de Galicia tan só por nove anos. ¿Sería un castigo polo seu vencellamento co absolutismo?

A un Santiago achicado e sen ilusións, cunha universidade ameazada de peche polas reformas políticas que se aveciñaban, chega o noso Nicomedes Pastor con ganas de traballar a reo. Aquel decaemento moral que vivía Santiago era contaxioso e tivo que influír no xove poeta que traía a maleta chea de ilusións e esperanzas.

Daquela os profesores da universidade, amais de amosar boa conducta política, moral e relixiosa, titelaban ós alumnos. Por outra banda, os estudiantes tiñan, entre outras, a obriga de asistir ás clases, tratar con respecto ós mestres e recollerse a unha hora prudente, anque non sempre isto se cumprise.

Había dous tipos de estudiantes: colexiais e manteístas.

Os colexiais residían nalgún dos colexios (San Xerome, Fonseca, San Clemente), os manteístas en fondas ou pousadas. Ó remata-lo curso, cada alumno, para

se poder examinar, tiña que presenta-la cédula de boa conducta expedida polo rector. Tódolos exames eran orais e facíanse ante un tribunal. As probas de grao tiñan un tratamento especial.

Non sabemos onde residiu nestes primeiros anos como manteísta, quizais nunha pousada sinxela para estudiantes. Non lle sobraban os cartos ó fillo dun humilde funcionario e pai de familia numerosa. Por eso o 29 de maio de 1826 solicitou beca no Colexio de Fonseca; non lla deron. En Santiago ser colexial de Fonseca era unha honra e Nicomedes sabíao ben.

Os libros de texto e os apuntes que o profesor dictaba na clase eran ferramentas de traballo; as libretas e cuartillas onde el escribía poemas, o seu confesonario.

Nicomedes matriculouse en primeiro ano de Institucións Civís no curso 1825-1826 e o 29 de maio solicitou cédula de boa conducta para se poder examinar.

Cando estaba de vacacións de verán, o 6 de xullo, naceulle outra irmá, María del Pilar, da que foron padriños el e súa irmá Petra.

No curso 1826-1827 fixo o segundo ano da carreira.

No 1827, escribiu o poema "El amor sin objeto". De certo que en Santiago compuxo moitos poemas, máis dos que chegaron ata nós. Foi esta unha das épocas máis fecundas do poeta.

1827 foi un ano triste na súa casa; o 3 de xullo morreu súa irma e afillada María del Pilar, e o 21 de

setembro, súa tía e madriña, dona Pastora Corbelle de Senra.

No ano académico de 1827-28 cursou terceiro de Institucións Civís e deulle clase o doutor don Fernando Rosende y Cancela.

Foi en 11 de maio de 1828, cursando terceiro, cando escribiu "A Alborada" e quizais por estas datas a "Égloga de Belmiro e Benigno", ámbalas dúas en galego, lingua moi comprometida para un poeta principiante. Nicomedes Pastor Díaz, en dicir de Xesús Alonso Montero e de Francisco Fernández del Riego, foi pioneiro dos escritores do Rexurdimento. Escribiu en galego, cando ninguén o facía, cando era comprometido e difícil intentalo.

Formaron tribunal o 9 de xuño de 1828 o catedrático Rosende, don Rodrigo Quiroga e don José Parga para facerlle a proba do grao de Bacharel, que aprobou.

No outono dese ano comezou o cuarto curso de leis.

O 11 de decembro compuxo "Mi color"; e o 7 de xaneiro de 1829, "Al Silencio".

Neste curso asinoulle (12 de xuño) o certificado de boa coducta o Dr. don Manuel del Río Mondragón, Secretario do Tribunal de Censura.

Debeu ser por estas datas cando lle morreu un irmán ós poucos días de nacer. O 26 de xuño escribiu dous poemas mergullado nun terrible sentimento "En la muerte de un hermano niño" e "A la muerte". En pleno verán, o 21 de agosto, data "La Inmortalidad".

O 18 de outono iniciou o quinto ano da carreira no que cursou Sagrada Teología, Digesto Romano Hispano e foi á Academia de Oratoria. O profesor de Sagrada Teología era o franciscano frei Antonio Solla, que tamén fora catedrático de Psicología, Lógica y Ética do Instituto santiagués; pero, segundo don Paulino Pedret Casado, aquel ano estudiou relixión co sustituto. Don Rodrigo Quiroga de Porras explicoulle Digesto Romano Hispano e don Vicente Rey Oratoria. Rematou o curso con aprobado o 18 de xuño.

Naceulle outra irmá o 13 de decembro á que lle puxeron María del Pilar, como a que morrera, e foron padriños Felipe e Petra. Xa eran seis irmáns vivos.

É neste curso cando pide por instancia ó Concello de Viveiro que lle certifiquen a súa situación económica, xa que é Bacharel en Leis, seu pai adminsitrador de correos que non pode manter a muller nin os seis fillos co soldo e, sen axuda, ten que deixa-la carreira.

Un amigo da familia axudouno para que lle desen unha beca no Colexio de Fonseca valéndose da súa influencia co rector don Carlos Ramón Fort. Tódalas becas estaban dadas e as Constitucións do Colexio non permitían outra mellora. Tan só lle quedou o recurso de admitilo como "fámulo" (criado) xa que estaba no ánimo de todos axudalo, pois era coñecido e querido dos estudiantes.

Como fámulo ingresou en Fonseca o primeiro de abril de 1830.

Non esquecería Nicomedes este favor do señor Fort. Anos máis tarde, recén nomeado ministro de instrucción pública, nomearíao catedrático, sendo redactor de *La Gaceta de Oñate*, aínda que era carlista.

Foi por este tempo cando lle empezaron as doenzas. Seica era unha miga taciturno, depresivo, delicado, moi sensible e de tez pálida. O clima de Santiago non lle prestaba e o pobre sufría.

Retrato do poeta.

O sexto ano comezouno no outono de 1830, un curso accidentado. Foi neste ano cando compuxo o seu fermoso poema "La Inocencia".

Di don Paulino Pedret Casado que Nicomedes dende o primeiro de marzo ó trinta de agosto de 1831 asistiu ás pasantías de Cánones que daba o doutor don Cayetano Fernández Lloreda. Nesta pasantía certificaríanlle que acudiu con puntalidade e proveito.

No Colexio de Fonseca, amais de cumprir como estudiante, tiña a obriga de facer certos servicios para a comunidade. Foi en Fonseca, na fecunda soidade, onde escribiu fermosas composicións a carón daqueles claustros.

O comisario xeral da cruzada, don Manuel Fernández Varela, que vivía en Madrid e de estudiante fora colexial, cada vez que viña a Santiago pasaba polo Colexio de Fonseca. Nunha destas visitas quixo presenciar un exercicio de improvisación dos moitos que facían os colexiais máis sobresaíntes. Desta volta entre outros estaba Pastor Díaz. Para que a improvisación fora máis intrigante meteron os temas en sobres pechados para ver así a arte de cada quén. Pastor Díaz, atopou o papel en blanco. Non calou, non. Afrontou a situación dun xeito orixinal.

- "Este sobre contiene un pliego en blanco y sin forma, es decir, nada y sobre la nada parece que se impone el silencio. Sin embargo sobre la nada se puede decir mucho. Dios hizo el mundo de la nada..."

E seguiu desenvolvendo conceptos sobre a *nada*, pronunciando unha estupenda conferencia, que o comisario Varela non esqueceu e, sen ser profeta, adiviñou nel un grande e famoso orador.

O sétimo curso 1831-32 xa non o puido comezar, estaba pechada a universidade, anque seguiu no colexio ata primeiros de xaneiro de 1832. Era esta a segunda vez que a política interfería na súa vida académica; a primeira fora en Mondoñedo, había nove anos.

O día de San Martiño de 1831 naceulle outra irmá, Avelina, da que foron padriños Felipe e Carme, seus irmáns.

Segundo don Armando Coratelo Valledor, Nicomedes Pastor Díaz en Santiago sentiu, amou e padeceu. Sentiu como poeta e fixo o seu traballo de mocidade. Como estudiante aproveitou o tempo e formouse para o foro. E padeceu. Como rapaz derramou amor, mocidade e ilusións. En Santiago chorou esas bágoas garimosas, das que un home non se ten por que avergonzar, pois saen do máis fondo dos sentimentos.

Dende había tempo estábanse a reforma-los estudios universitarios.

O que logo sería o seu amigo e contertulio Manuel José Quintana, nas Cortes de Cádiz en 1813, presentara un informe no que amosara as grandes liñas dunha reforma educativa baseada no modelo napoleónico. Nela contemplaba a creación dunha universidade central en Madrid adicada á investigación e á ciencia pura. Co Trienio Liberal voltou xurdi-la idea. No ano 1821 trasladouse a universidade de Alcalá de Henares a Madrid con ese espírito. Coa desfeita constitucional de 1823 tornou a Alcalá de Henares e o ministro Calomarde en 1824 artellou un plan de centralización no que afogou todo intento de autonomía universitaria. Neste amaño pecharíanse a maioría das universidades españolas, entre elas a de Santiago, deixando aberta a de Madrid.

Decidido a remata-los estudios pediu os certificados correspondentes en Santiago para se trasladar á universidade da Corte. Déronllos.

Se chorando chegou a Santiago, chorando saíu de Santiago, levando no peto as bágoas feitas poemas; anacos quentes dunha vida apaixoada.

Anos despois, alá polo 1846, voltaría á cidade do Apóstolo a lembrar tempos de mocidade.

En Madrid

Saíu de Viveiro cara a Madrid co maragato Pérez no mes de agosto de 1832. O 2 de septembro chegou a Valladolid, onde escribiu a súa nai contándolle as novas do camiño, o bo tempo que facía en Castela e que chegaría a Madrid o día 4 ó mediodía. Dende logo era unha ledicia poder gozar daquel clima seco e soleado, tan bo para a súa saúde.

Madrid foi para Nicomedes un caixón de novas. A cidade era moi pequena; tiña pouco máis de douscentos mil habitantes e varríanse as rúas os martes e venres. Vivíase mal, aínda os máis ricos. Debeulle prestar tanto o clima como a cidade. Anque o Madrid ó que chegou Nicomedes tiña máis de provinciano que de cosmopolita, non deixaba de se-la corte de España onde se atopaban as mellores seseiras que quedaran no país despois da última desfeita política. Esto era un reto para quen quería facer carreira.

Comezou o curso na Universidade, estudiou a reo e procurou rematalo coa maior brillantez.

No mes de febreiro ten novas da súa casa; nacéralle outra irmá, María Eugenia, e apadriñárona o crego de Benquerencia, don Luis Ponte, e a irmá da bautizada, Carlota.

En Madrid tivo tempo e oportunidade para todo: estudiar, cultiva-la súa vocacion poética, participar nas tertulias literarias, ter conta das novas políticas, desenvolve-la súa inquedanza intelectual, abri-lo seu pequeno mundo de amistades...

Precisou de quen o metera nestes vieiros. Os seus valedores foron don Manuel Fernández Varela, comisario xeral de cruzada, o poeta e político don Manuel José Quintana e o brigadier don Manuel Latre.

Don Manuel Fernández Varela, protector de artes e artistas, padriño dos colexiais de Fonseca que chegaban a Madrid e referencia obrigada de todo galego que viña á corte en procura dalgunha comenencia. Era amigo do músico Rossini que lle adicou unha misa. Foi o comisario Fernández Varela quen costeou a estatua de Cervantes que está na praza das Cortes en Madrid e o sartego do bispo Quintana na catedral de Ourense, axudou á desecación da lagoa de Antela e pagou becas a artistas galegos como Noya, Andrade e Lareu. Tiña a gala ser o primeiro que adiviñou no viveirense un famoso poeta e orador. Xa o coñecía de Santaigo, cando era colexial.

Don Manuel José Quintana, que tiña unha tertulia literaria, louvou sempre a musa de Pastor Díaz, aco-

lleuno na súa compaña e favoreceuno. Alí o noso pícaro –tiña vinteún anos– coñecería a xuventude literaria daquel tempo que chegaría a encher de gloria as páxinas da historia das letras españolas. Coñeceu a Donoso Cortés, personaxe que o abraiou e co que tivo unha entrañable amistade, a Durán, Olózaga, Serafín Estébanez Calderón e o crego liberal don Juan Nicasio Gallego. Foi amigo de Ventura de la Vega e de Espronceda, compañeiros de Escosura, e discípulos de don Alberto Lista. Outro amigo, Larra.

Neste círculo de intelectuais Pastor Díaz falaba con voz propia, non desentoaba, tiña no peto un feixe de poemas ben escritos, froito da súa apaixoada xuventude e xenio artístico. Os temas eran actuais e tiñan tódolos elementos do novo estilo. A súa figura pintaba ben a xeito coa moda, o Romanticismo.

Outro valedor foi o brigadier don Manuel Latre, home de bo temple e maior disciplina, que formara parte da Xunta Superior de Goberno artellada na Coruña o 21 de febreiro de 1820 co gallo do pronunciamento de Riego. Sustituíu como capitán xeral de Galicia ó xeneral don Francisco Espoz y Mina, home da coruñesa Juana de Vega. Latre levou a Lugo a Capitanía Xeral de Galicia para artellar alí unha administración paralela liberal, pero máis moderada que a de Mina.

Estes foron os seus primeiros valedores en Madrid.

No ano 1833 ocorreron feitos moi importantes para a Historia de España, feitos que en tódolos círculos políticos e literarios foron tema de conversa e controversia. Nicomedes, dende Madrid, viviu preto deles. Estes acontecementos, polos que correu o sangue, dividiron ós españois en dous bandos.

O 20 de xuño nas Cortes xura como herdeira ó trono de España a princesa dona Isabel. O 29 de septembro morre en Madrid o rei Fernando VII deixando a España dividida en dous bandos pola derrogación da Lei Sálica. Tocoulle á súa viúva dona María Cristina afronta-lo problema como rexente.

O 31 de outono remataba Nicomedes a carreira e recibía o título de avogado. Xa era alguen, tiña vintedous anos. Cumpría buscar emprego e gañar cartos, anque non era o que máis o apuraba. Pero tiña que facelo por forza; non podía depender de seu pai.


POESÍAS
DE
D. NICOMEDES PASTOR DIAZ.
MADRID:

Portada de **Poesías.**

Como maior que era víase na obriga de axudar na casa. Podía vivir con el algún irmán e darlle estudio.

Tiña amigos que lle podían "dar bancada", como dicían os mariñeiros en Viveiro. A el escribir reináballe e, polas circunstancias políticas que se estaban a vivir, cada día saía á rúa un novo xornal. Había traballo a reo. Como redactor podía sacar alomenos para a pousada.

Xornalista e funcionario

E así empezou, coma tódolos políticos do seu tempo, escribindo.

Pero a pluma, polo que parece e dende sempre, non dá para vivir. Necesitaba dun traballo fixo, ben pagado e que lle permitise segui-la súa vocación de poeta, que tanto lle gustaba a seu pai.

Daquela creouse o Ministerio do Interior que estaba a poñer subdelegacións de Fomento en tódalas provincias. Precisaba dunha cuña. Foi o xeneral Latre quen o recomendou e Nicomedes Pastor Díaz Corbelle o 4 de xaneiro de 1834 entra como "Oficial Segundo segundo (sic) de la Secretaría de la Subdelegación de Fomento en la provincia de Cáceres".

Neses momentos non lle prestaba saír de Madrid onde se atopaba arroupado e ben instalado; mais o traballo mandaba. Non sabemos se nos primeiros momen-

tos foi a Cáceres ou quedou na capital o noso viveirense. Dicímolo porque Bernardino Núñez Arenas chamouno para redactar xunto con Espronceda, Duque de Frías, Ros Olano, Ventura de la Vega e Pacheco un novo xornal, *El Siglo*, que saíu á rúa por primeira vez o 22 de xaneiro de 1834 e por derradeira, en marzo. Neste choio trabou amistade de por vida con Joaquín Francisco Pacheco, co que coincidía en ideas políticas e literarias.

Para o seu talante, e naquel intre, traballar como xornalista supoñía ter unha postura fixa en política e ser leal a ela; esto é, comprometerse. El era poeta e non tiña por que se meter na política que non era o seu leiro. O que si é certo, que non se desvencellou dos círculos literarios de Madrid ós que estaba afeito.

O 28 de febreiro Nicomedes ascendía xa a "Oficial Segundo Primero (sic) de la Secretaría de la Subdelegación de Fomento en Cáceres" da que tomaría posesión o mesmo día.

Reináballe a vida literaria; estaba ó tanto de cantos acontecementos culturais se estaban a celebrar na corte.

O 23 de abril estreouse en Madrid *La conjuración de Venecia*, de don Francisco Martínez de la Rosa, drama histórcio en cinco actos en prosa co que daba comezo o teatro romántico. Foi louvado por Larra no xornal *La Revista Española* e moi ben aceptado pola xuventude

literaria. Nicomedes, moito antes, xa pensaba e sentía en romántico, tiña morriña, saudade, señardá.

O 24 de maio bautizaban en Viveiro a Cristina, outra irmá máis, apadriñada por don Laureano Muñoz e Carmen Díaz Corbelle.

No verán deste ano houbo en Madrid a peste do cólera e no mes de xullo "el degüello de los frailes", acusados de envenenadores. Estes feitos foron rexeitados por Nicomedes Pastor que tiña un concepto moi distinto do liberalismo e da relixión que non a libertinaxe nin o fanatismo. Non aforrou medios para salvala vida dos pobres frades, comprometendo a súa. Tamén lle doía o sangue que se vertía na guerra civil que estaba a haber polos campos de España entre cristinos e carlistas. En ámbolos dous bandos había xente de ben e de orde que era unha pena se estragase dun xeito inútil, como foi o caso de Zumalacárregui, xefe militar das tropas de don Carlos María Isidro, que ese ano morreu na maior pobreza.

Polo mes de setembro trasladan a seu pai de Viveiro a Lugo como oficial de correos. Esto doeulle pois desartellaba a súa familia á que tanto quería.

Mesturado co traballo de funcionario e cos apuros da prensa, atopaba sempre tempo para seguir a súa vocación, o seu compromiso de poeta. No ano 1835 a véspera dos Reis, publica no xornal *El Artista* a súa poesía "A la Luna".

Dende Cáceres colabora con Pacheco, Oliván e Bretón de los Herreros no xornal *La Abeja* publicando "Mariposa Negra". Non para.

Don Ángel de Saavedra, o Duque de Rivas, estreou o 2 de marzo *Don Álvaro o la fuerza del sino*, co que o teatro romántico quedou consolidado. Pastor Díaz vive de preto este movemento cultural de Madrid ó que se sente vencellado por afinidade e amistade.

Neste ano inaugurouse o Ateneo de Madrid do que foi socio fundador. O seu retrato está pendurado na institución xunto cos do resto dos fundadores.

Ascende a "Oficial Primero de la Secretaría del Gobierno Civil de Cáceres" o 5 do outono de 1835, emprego que mantén ata o 5 de abril do ano seguinte.

Antonio García Gutiérrez, un rapaz andaluz que estaba a face-lo servicio en Madrid, estrea *El Trovador* o primeiro de marzo de 1836. Para asistir á estrea tivo que escapar do cuartel de Leganés. O día tres foi ó teatro a raíña dona María Cristina e chamouno ó palco. Vendo que era tan novo díxolle:

"- Quiero otorgarte una merced. ¿Qué me pides?

- La licencia asoluta, Señora."

E concedeulla. Tódolos xornais do momento recibiron con boa crítica a obra do quinto recén licenciado, entre eles Larra en *El Español*.

Mentres o Romanticismo se espallaba polos teatros e xornais de Madrid, prendía como o lume a guerra

civil no norte de España. Nicomedes Pastor Díaz, sensible a todo feito humano, quedou abraiado pola xesta de don Ramón Cabrera, El Tigre del Maestrazgo, de quen escribiría unha biografía.

Don Salustiano Olózaga recomendouno ó Ministro de la Gobernación que o 29 de marzo o fixo "Secretario –siendo Oficial Primero– del Gobierno Civil de Santander", cargo que aceptou e do que tomou posesión o 6 de abril. Este emprego de Santander non lle prestou, pois vía como estaban a chegar tempos malos para España.

Na política

Aquí é onde cometeu o seu primeiro erro, en opinión de dona Emilia Pardo Bazán. Pastor Díaz era poeta, non tiña que xoga-la baza política. Traicionou a súa inclinación, dimitiu da súa verdadeira vocación deixando o impulso que recibira de Quintana.

Polos meses de abril e maio a humidade de Santander fíxolle resentirse da súa doenza. Escribe á casa dicindo que está só e quere que veñan súas irmás con el. Átópase pesimista polo camiño que leva a política.

Os seus servicios eran moi apreciados polos seus xefes e o ministro Joaquín María López o 25 de septembro trasladouno a Toledo como Secretario del

Gobierno Político, pois o viveirense quería estar preto da corte, a onde trouxo ós seus irmáns.

No 11 de outono trasládano a Madrid como Oficial Tercero de Sección de la Secretaría del Despacho de Gobernación en la Península.

Cada vez é maior o traballo e menor a saúde. Quéixase nas cartas que lles escribe a seus pais dos disparates do goberno e da situación en xeral do estado.

O 19 de xaneiro de 1837 estréase en Madrid *Los amantes de Teruel*, obra dun autor descoñecido, o ebanista Eugenio Hartzenbusch.

Cando Larra preguntou quen era o autor, respondéronlle

"-Creo que es un sillero.

-Entonces no hay duda que la obra tendrá mucha paja."

Días despois rectificaría en *El Español* dicindo que "*Los amantes de Teruel* están escritos, en general, con pasión, con fuego, con verdad".

O 13 de febreiro Larra disparábase un tiro. Ó día seguinte, no seu enterro, Pastor Díaz levou unha das cintas do cadaleito e no Cemiterio de Fuencarral, dábase a coñecer como poeta un rapaz de vinte anos, José Zorrilla. Esa mesma noite, na casa de Donoso Cortés, fixéronlle recitar a Zorrilla "A Venecia", "Cuarenta gomelas" y "Negra toca". Pastor Díaz ás doce da noite marchou con Zorrilla. Dende entón mantiveron unha fonda amistade.

O autor de *Don Juan Tenorio* diría que Pastor Díaz e os seus amigos ofrecéronlle aquela noite o folletón de *El Porvenir* con paga de 600 reais e o viveirense "cuya alma simpatizó con la ignara candidez de la mía, me entretuvo hasta muy avanzada hora, desde la cual hasta la de la muerte, me tuvo el más paternal cariño".

Seguindo os acontecementos políticos e literarios, o 24 de febreiro presentouse nas Cortes o proxecto de Constitución que se empezaría a discutir o 14 de maio. O primeiro de marzo nace o xornal *El Panorama*, tipo de magazine inglés e o 7 de maio, *No me olvides*, dirixido por Mora, que foi o continuador de *El Artista*, no que colaboraban Nicomedes, Zorrilla, Ochoa, Assas, Madrazo, Fernández de la Vega, Morán etc.

Na súa carreira como funcionario Pastor Díaz recibe o 9 de xuño o ascenso a Oficial Tercero Tercero (sic) de la Secretaría del Despacho de Gobernación en la Península con destino en Madrid, emprego que serviría ata o 31 de agosto.

O proceso constituínte rematou o 18 de xuño coa xura de dona María Cristina á nova Constitución. Co gallo deste acontecemento escribiu Pastor Díaz uns versos titulados "A S. M. La Reina Gobernadora Doña María Cristina de Borbón en el acto de jurar la Constitución". Entregoullos á Raíña ó día seguinte o Ministro de Gobernación, don Pío Pita Pizarro. O viveirense foi leal á Constitución de 1837, que marcou o camiño da súa política.

En tódolos acontecementos culturais de certa importancia alí estaba o noso poeta. Como en xullo, na casa de don José Hernández de la Vega, na que se xuntou un grupo de escritores que fundaron o Liceo de Madrid, institución que tería como sede o palacio de Villahermosa e logo voltaría á praza das Cortes.

O 17 de agosto dimitiu o goberno de Calatrava e a Raíña ofréceullo ó xeneral Espartero que o rexeitou.

O 31 de agosto Pastor Díaz, con 26 anos, vai destinado de jefe político de la provincia de Lérida, ata o 17 do outono en que o trasladan a Segovia –en comisión de destino–, e o 12 de decembro deste ano accede a esta última praza en propiedade.

Era moi novo e a súa fachenda cativa. Cando tomou posesión foi cumprimentar ó bispo da diócese. Fíxose anunciar. O prelado, mirándoo tan novo, creu que trataba co fillo do xefe político e preguntoulle:

"- ¿Y papá?

- Soy yo, Ilmo. Sr. El Jefe Político que viene a ponerse a sus órdenes" -respondeulle con tristeza, temendo recelara da súa capacidade para o cargo que viña a desenvolver en momentos tan difíciles como os que se estiveron a vivir na cidade do Acueducto.

En Segovia, non esqueceu a súa vocación. Publicou este ano unha serie de traballos "Del movimiento literario en España en 1837" na revista *Museo Artístico Literario* e prologou o tomo primeiro das obras de Zorrilla que se editaron a fin de ano.

Ademais de escribir dous poemas -"Al Acueducto de Segovia" e "Al Eresma"- encheu unha folla da súa vida política cos acontecementos que lle caeron enriba.

O 4 de agosto de 1838 entrou en Segovia don Antonio Zariátegui, xefe carlista que saqueou a cidade e o 12 de agosto avanzou cara a Madrid polas Rozas e Torrelodones. O noso poeta en vez de fuxir quedou mesturado coa xente invadida e puido comunicar co goberno.

Nicomedes logrou agacha-los cartos do estado, así como as xoias das igrexas cando chegou o segundo xefe do Conde de Negri que levaba unha expedición tamén cara a Madrid.

Cos carlistas chegou o padre de Zorrilla como Comisario de Guerra. Pastor Díaz agachouse no forno dunha casa na que se aloxou o señor Zorrilla coa súa tropa. Os carlistas rexistraron a casa. Zorrilla soubo que estaba alí e sentouse na porta do forno para falar con el mentres facían o rexistro. Díxolle quen era e preguntoulle polo seu fillo. Cando se retiraban non deixou a casa ata que as forzas se foron da vila e informoulle do camiño que ían seguir para que el escapase polo contrario.

Neste intre salvouno o seu amigo Zorrilla, que estaba con el en Segovia. Fixo corre-la voz de que o gobernador estaba pechado no Alcázar, cando a verdade era que escapara cara a Madrid.

O 17 de agosto dimitiu Calatrava, o xefe do goberno, e dona María Cristina ofreceulle a presidencia a Espartero que lla rexeitou, mais aceptouna o progresista don Eusebio Bardaxí.

En septembro Nicomedes puido chegar a Madrid. Espartero logrou salva-la capital de España e castigar ós carlistas. O goberno premiou a Pastor Díaz cunha toga na Audiencia de Valladolid, única recompesa que aceptou.

O 14 de febreiro de 1839 trasládano; vai como "Jefe Político de Cáceres", cargo que tiña acumulado o de "Intendente provincial" e que exerce ata o 13 do xuño de 1840.

Nas eleccións de 1839 publicou o folleto *La cuestión electoral de diciembre de 1839 y enero de 1840*. A finais de 1839 remataba a primeira guerra carlista co Abrazo de Vergara entre Espartero e Maroto.

En 1840 publica as súas poesías Pastor Díaz. Tamén Espronceda. Zorrilla remata de publicar as que comezara en 1837.

É nomeado Secretario de S.M. con ejercicio de decretos. Neste ano sucédense os Ministerios de Pérez de Castro, Antonio González e o de Ferraz. Pastor Díaz no mes de xuño con real licencia deixou Cáceres e foise a Madrid. Por motivos de saúde pediu a praza de Jefe Político de la provincia de Castellón de la Plana e o 3 de xullo déronlla.

O pai de Pastor Díaz, don Antonio Díaz Martínez, fixo testamento en Lugo o 22 de agosto. O mesmo día dálle poder á súa muller para goberna-la facenda da familia. Púxose o pobre moi maliño e, poco a pouco, foise deteriorando a súa saúde.

Dona María Cristina fora a Barcelona, contra a opinión do goberno, para curarlle unhas eccemas a Isabel II. En Zaragoza recibírona friamente. En setembro estoupou o pronunciamento de Espartero. A rexente en Barcelona tivo que soporta-lo motín do secretario de Espartero consentido polo Capitán Xeral Van-Halen. Dona María Cristina foi a Valencia e alí Ferraz presentoulle a dimisión. Poucos foron leais a dona María Cristina cando a viron soa e abandoada. Pastor Díaz chegou en comisión a Valencia, procedente de Madrid, o mesmo día que chegaba a rexente, escapando de Barcelona. Ofreceulle os seus servicios na procura dun Ministerio que amañase a situación. En Valencia coñeceu Nicomedes a Leopoldo O'Donell e atopou a Diego de León que lle levaba á Raíña unha lista de xenerais.

O 12 do outono renunciaba dona María Cristina á rexencia en favor de Espartero, dispoñendo que Quintana fose o mestre das súas fillas. O 17 embarcaba para Marsella onde o 8 de novembro explicaría a súa abdicación e queixaríase do goberno.

Pastor Díaz, de volta a Madrid, foi prendido. Estivo dous meses preso no cuartel de Salvaguardas polo seu

apoio á Raíña. Foi este un dos momentos máis amargos da súa vida. Na cadea aumentáronlle as doenzas das que nunca máis se repuxo enteiramente. Dende a cadea comezou a escribir con Ríos Rosas no *Correo Nacional*.

Annus horribilis

Foi este de 1841 un dos peores que tivo e nos que máis sufriu.

Cando saíu da cadea, en xaneiro, tivo que gardar cama pola doenza que se lle agravara, unha artite xeral que o deixou tolleito.

Xunto con Cárdenas e dende o leito escribiu á présa as biografías de don Francisco Javier de Burgos, a de don Ángel Saavedra Fajardo, Duque de Rivas, a de don Ramón Cabrera, o "Tigre do Maestrazgo", e a de don Diego de León y Navarrete, Conde de Belascoain.

O pai de Pastor Díaz morreu o 5 de marzo de 1841. Foi unha data moi triste para o noso poeta. Queríalle moito. Seu pai era quen máis valoraba a súa poesía. Estaba orgulloso do seu fillo. Non o vira dende 1832.

Aconsellado polos amigos, pasou os meses en Sevilla, voltando a primeiros de xullo moi aliviado á Corte. En Madrid, no mes de xullo, Nicomedes fundou con Ríos Rosas, don Francisco de Paula Cárdenas e con Joaquín Francisco Pacheco a revista semanal *El Conservador* que saíu á rúa o 5 de setembro.

O 15 do outono era fusilado don Diego de León por se erguer contra Espartero.

Neste ano comezou os escritos de crítica literaria que seguirían en 1842 co Juicio sobre la segunda parte de *El Zapatero y el Rey* de Zorrilla e sobre as *Poesías* de Gertrudis Gómez de Avellaneda. Tamén colabora na *Enciclopedia Española del Siglo Diez y Nueve*. Dende a prensa estudiou "La Alhambra", "Gonzalo de Córdoba", "El Cid". Tamén publicou *Compendio histórico-crítico de la Jurisprudencia romana desde su principio hasta los tiempo de Justiniano*.

O ano de 1843 foi un ano moi traballoso para don Nicomedes.

Pechan *El Correo Nacional* e abren *El Heraldo*. No xornal *El Sol* Pastor Díaz expuxo a idea da maioría de idade da Raíña. Hai unha chea de acontecementos políticos que enchen as páxinas dos xornais e que rematan coa fuxida de Espartero a Londres no mes de xullo.

Nas eleccións convocadas no outono Pastor Díaz sae elixido deputado ó Congreso pola Coruña. O 11 de novembro xura o cargo.

Conseguiuse que a Raíña xure a Constitución e Pastor Díaz traballou a reo para normaliza-la situación aínda que non se logrou.

As eleccións, ministro, académico e rector.

No ano 1844 voltou a España dona María Cristina. Entrou en Madrid o 4 de abril. Este ano Pastor Díaz foi nomeado Secretario del Banco de Isabel II. Di don Ramón Canosa que como banqueiro, anque a súa xestión foi honrada, non tivo visión de futuro nin espírito financeiro.

Convócanse eleccións no outono e preséntase polas provincias de Coruña, Lugo e Cáceres. Saíu elixido deputado en Cortes por Cáceres; foi admitido o 14 do outono e xurou o cargo o 17. Nesta lexislatura interveu no Congreso o 30 do outono sobre a Reforma de la Constitución de 1837.

O 18 de xaneiro de 1845 pronunciou no Parlamento un brillante discurso sobre "La dotación del Culto y Clero" co que defende os intereses da igrexa. Este ano publicou a primeira parte *De Villahermosa a la China*. "La devolución de los bienes del clero" foi o tema do discurso parlamentario que pronunciou no Congreso o 17 de marzo.

Este ano veu dende Viveiro a Madrid a nai de Pastor Díaz e pasou unha tempada co seu fillo e con Teodorita, a irmá que o coidaba.

No verán deste ano o banqueiro brasileiro señor Bushental, residente en Madrid, levouno a Londres. Dende Baiona, camiño do Reino Unido, escríbelle a súa

nai o 16 de agosto. Logo o 4 de septembro volverá a escribirlle dende Londres falando da impresión que tiña do Reino Unido. Debeu de andar dous meses pola illa.

Polo mes de novembro xa estaba en Viveiro a nai do poeta.

Volveu a intervir no Congreso o 17 de setembro de 1846: "El matrimonio de S.M. y el de su augusta hermana".

A finais de xullo publicou *A la Corte y a los Partidos.*

O 4 de novembro foi recibido no Liceo da Coruña con gran agarimo onde botou un discurso cheo de galeguidade no que entre outras cousas dixo: ... si Galicia pudo alguna vez dejar de ser mi patria política, será siempre mi patria literaria porque es mi patria natural. Nicomedes era "puritano"; pero os coruñeses non, e axiña llo dirían. Nesta viaxe Pastor Díaz foi a Santiago onde alentou lembranzas da mocidade.

No mes de decembro houbo eleccións e presentouse pola Coruña e por Viveiro. Sufriu unha gran derrota en ámbolos dous distritos. Na Coruña gañou Juan Álvarez Mendizábal, que logo rexeitaría o escano; por Viveiro, o seu contrincante e paisano Antonio María Coira Ares. En Viveiro tivo en contra, ademais de Coira, ó cacique Almoina. No seu favor estiveron poucos máis que Manuel Tojo Montero, José María Trelles Noguerol (irmán do fundador da Adoración Nocturna), José

Correa de Saa ("O Portugués", técnico da cerámica de Sargadelos) e Cipriano García, que lle prestou a súa litera para chegar a Lugo. O Congreso abriuse o 31 de decembro de 1846.

Foi o ano 1847 un dos máis brillantes da súa carreira política.

Subsecretario do Ministerio da Gobernación na Península con residencia en Madrid foi o cargo que lle deron o 7 de febreiro deste ano.

O 18 de marzo foi elixido membro numerario da Real Academia Española na que tomaría posesión o 17 de novembro cun sonado discurso.

O 28 de marzo o seu amigo Joaquín Francisco Pacheco, xefe do goberno, deulle a carteira de Ministro de Comercio, Instrucción Pública y Obras Públicas, cargo que exerceu ata o 31 de agosto.

Sendo ministro nomeou director da Biblioteca Nacional a Bretón de los Herreros, dispuxo o traslado dos restos mortais de don Félix José de Reinoso á capela da universidade de Sevilla. Nomeou catedrático ó seu valedor en Fonseca don Carlos Ramón Fort, anque era carlista. Fixo o tramo da estrada de Viveiro a Lugo pasando pola Redoada e a estrada das Nogais para unir Galicia con Madrid. Creou o Real Consejo de Agricultura, Industria y Comercio. E moitas cousas máis que non é do caso traer aquí.

Tiña pendente aínda a cuestión electoral dentro da mesma lexislatura. Como renunciou José Sánchez

Ocaña ó distrito de Pozoblanco (Córdoba) presentouse alí coa axuda do seu bo amigo Joaquín Francisco Pacheco e gañou. Foi admitido no Congreso o 16 de abril e no mesmo día xurou o cargo. Ó día seguinte, o 17, interviu como Ministro de Comercio, Instrucción y Obras Públicas na procura de prover axeitadamente a propiedade literaria e aguillar o desenvolvemento do pensamento.

O 9 de septembro dese ano pasou a ser Rector de la Universidad Literaria de la Corte na rúa de San Bernardo de Madrid, cargo que exerceu ata o 27 de marzo de 1850.

Na primavera de 1848 viaxou por Andalucía onde presenciou, además dalgunha revolta, as procesións de Semana Santa en Sevilla e visitou Málaga e Granada.

Do 21 de xuño data o famoso "Manifiesto de la Provincia de Lugo".

En setembro participa nunha función literaria do Liceo de Madrid en honra de Coronado e en novembro, por Zorrila.

No Ateneo comeza a pronunciar as "Conferencias sobre los problemas del Socialismo" que continuarían no ano seguinte e que se publicarían en *La Patria*.

No 1849 publicou o *Diccionario de políticos* en colaboración con outros e o 15 de maio o soneto "El Sol de Mayo".

É en 1850 cando se publicaron as poesías de Gertrudis Gómez de Avellaneda e o noso viveirense comeza a escribir as tres derradeiras partes *De Villahermosa a la China*.

Nas eleccións de xuño de 1851 foi elixido deputado por Navalmoral de la Mata (Cáceres) e o 16 do mesmo mes xurou o cargo.

Diplomático

En xaneiro de 1854 naceu a infanta María Cristina.

Neste mes, xunto con outros importantes persoaxes, pronúnciase en favor do "Manifiesto de la Prensa" en contra do goberno de Sartorius. Por estas datas vivía na rúa de Atocha, onde estivo o Liceo Rius, en compaña da súa irmá Teodora. Pedro Antonio de Alarcón e don Eulogio Florentino Sanz frecuentaban o seu domicilio.

Nos primeiros meses deste ano Pastor Díaz conviviu con Vicente Cociña en Chiclana, unhas datas antes da morte do celeirés.

O 28 de xullo comeza a gobernar Espartero co que entran O'Donell e Pacheco como ministros. Este goberno pon fin á Década Moderada e con él empeza o Bienio Liberal. Convócanse Cortes constituíntes para elaborar unha nova Constitución e así poder derrogar a de 1845.

Polo real despacho de 8 de agosto deste ano Isabel II mándao de Enviado Extraordinario cerca de S.M. el rey de Cerdeña, con un sueldo de 160.000 reais e residencia en Turín. O 22 de agosto asina a Raíña as cartas credenciais e o 23 despáchanlle pasaporte diplomático.

Fai esta viaxe coa súa irmá Teodora que o atende na súa doenza. Saen de Madrid cara a Baiona, onde agardan uns días para se repoñer do cansazo. De Baiona vai a París para evita-lo cólera que infesta Marsella e Xénova. E de París, por Suíza, chega a Turín o 23 de outubro.

O rei Víctor Manuel recolleulle as cartas credenciais no real sitio de Moncalieri o 5 de novembro.

As Cortes báixanlle o soldo a 100.000 reais o 15 de xullo de 1855.

A súa maxestade Víctor Manuel, rei de Cerdeña, o 8 de marzo de 1856 concedeulle a Gran Cruz de San Mauricio y San Lázaro. O 13 de marzo do mesmo ano concedéronlle a medalla de San José de Parma e a de San Genaro en Nápoles.

De volta a Madrid pasou por París onde visitou a Donoso Cortés. Pastor Díaz viña doente e moi esgotado. Ó velo Donoso Cortés fixo por animalo a sufrir con valor o martirio da súa dor. Cando se despediu abrazouno como quen di adeus a un cadáver. Entendeu Nicomedes que estaba á beira da morte; mais quen morreu antes foi Donoso.

O primeiro de xuño, en Madrid, asina o informe da súa xestión diplomática en Italia.

No 14 de xullo é nomeado Ministro de Estado, cargo no que cesa o 12 do outono deste mesmo ano de 1856. Na mesma data do seu nomeameto como ministro enfermou e leváronlle o Viático. Reposto, voltou á actividade política.

O concello de Viveiro escríbelle unha carta felicitándoo polo seu nomeamento. Responde Pastor Díaz o 24 de agosto cunha fermosa carta na que se sente un fillo máis da vila, agradecido pola felicitación e comprometido con Viveiro.

No mandato do seu ministerio nomeou a Tiburcio Faraldo vicecónsul de España en Tánger.

Este ano foi nomeado Consejero de Estado.

O 26 de novembro de 1857 é nomeado académico numerario da Real Academia de Ciencias Morales y Políticas. No nadal deste ano, despois da cea celebrada na casa de don Mariano Roca de Togores, Marqués de Molíns, presentouse o xornal *El Belén*, feito por máis de vinte poetas con fin benéfico e no que participou Nicomedes co "Artículo Oficial".

Coa data do 14 de xullo de 1858 noméano Senador del Reino no goberno de O'Donell, cargo no que cesaría o 11 de xullo do ano seguinte ó ser chamado para enviado extraordinario y ministro plenipotenciario en la Corte de Portugal, en Lisboa, onde lle concederían a

medalla de Cristo. Din que no tempo en que exerceu este emprego diplomático en Lisboa -ata o 17 de novembro de 1861-, atendeu a moitos necesitados españois e portugueses gastando o seu soldo en esmolas.

De volta en Madrid; outra vez ministro.

Chegou a Madrid a finais de novembro de 1861.

O 13 de xaneiro de 1862 pronunciou no Senado o "Discurso sobre redención, enganches de la gente de mar", no que rexeitaba a exención con cartos do servicio militar.

O'Donell fixo ministerio o 18 de xaneiro de 1863 e deulle a Pastor Díaz a carteira de Gracia y Justicia. Non eran tempos bos para o noso viveirense; había pouco que morrera seu irmán, Felipe Benicio, e el estaba moi doente. A pesar de expoñer por escrito as dificultades en que se encontraba, tivo que acepta-lo ministerio para intenta-la unión dos partidos no poder.

Aínda tivo tempo para pronunciar o derradeiro discurso no Senado o 27 de xaneiro defendendo "Los derechos de estola y pie de altar" na réplica a Rodríguez Camaleño.

A morte.

Pouco durou no ministerio; o 7 de febreiro foi sustituído por Aurioles.

Doente, canso e desenganado, chantouse no leito onde non foi esquecido polos seus amigos que dende lonxe chegaban a velo.

Un mes durou a súa doenza.

Unha anécdota que nos fala da sinxeleza do gran home cóntanola Parga Sanjurjo. O 17 de marzo de 1863 un viveirés visitou a Pastor Díaz deitado xa no leito de morte. Ó pouco tempo de estar con el, chegou Teodora, a irmá do poeta, con vasoira e plumeiro para limpa-la habitación. Levantouse o visitante, mais Pastor Díaz pediulle que non se fora. O poeta, ollando á súa irmá con tenrura, díxolle "... llega, paisano, el ocaso de mi vida; después de haber sido todo lo que se puede ser dentro de un país monárquico constitucional, sin que mis trabajos y afanes hayan logrado sacar de la mano de mi hermana la escoba y el plumero".

Cinco días máis tarde, á unha menos cuarto da mañá do 22 de marzo, morría o cantor do Landro na máis absoluta pobreza.

O 23 de marzo foi soterrado na Sacramental de San José y San Lorenzo de Madrid con modestia, mais con toda a dignidade, na compaña dos seus, académicos, políticos e homes de letras.

No momento do seu pasamento tiña sobre do seu peito a Gran Cruz de Carlos III, a Gran Cruz de San Genaro de Nápoles, a Gran Cruz de Cristo de Portugal, a Gran Cruz de San José de Parma e a Gran Cruz de San Mauricio e San Lázaro de Cerdeña; era membro da Real Academia e da Academia de Ciencias morales e políticas.

Viviu cinguido coa pobreza na que morreu. Súa nai e irmás quedaron sen a súa axuda, polo que a prensa e os amigos pedíronlle ás Cortes unha pensión para que puideran vivir con dignidade. Na Cámara aprobouse unha lei en votación unánime na que se lles concederon 15.000 reás de pensión ó ano.



Carta de Pastor Díaz.

En 1866 publicáronse as súas obras completas en seis tomos

En 1890 fíxoselle un monumento na praza de Viveiro no que se puxo unha estatua fundida en ferro e cuberta de bronce, obra do catalán don José Campaney, que foi inaugurada en septembro de 1891.

O 15 de setembro de 1923 trasladáronse a Viveiro as súas cinzas, onde repousan nun sartego de mármore na igrexa de San Francisco, Panteón de viveirenses ilustres.

A súa doenza.

Di o doutor Fausto Galdo que dende 1834 nas cartas que lle manda súa nai vai describindo os síntomas da súa doenza: constipado, indisposición, falta de apetito, mala cor, febre, dor nas articulacións en xeral, sobre todo nos membros inferiores que repiten a brotes e necesitan meses de convalescencia, con intervalos de anos nos que ten boa saúde e pode facer longas e cansas viaxes, paseos e a propia actividade de ministro.

Morreu de hipertrofia cardíaca segundo o médico don Mariano Benavente quen chamou a consulta ó seu colega don Vicente Arnero.

"Cuadro febril que inicia antes de los 25 años, que cursa brotes con artritis de predominio en miembros

inferiores con recuperación "ad íntegrum" en largos períodos intercríticos y con afectación cardiaca que aboca en una hipertrofia."

Trátase dun reumatismo poliarticular agudo, febre reumática ou cardiopatía reumática. Este é un cadro infeccioso debido ó estreptococo beta-hemolítico do grupo A que primeiro se fixa na gorxa e logo nas válvulas cardíacas, producindo estenose, frecuentemente mitral, e que deixándoo evolucionar pode ocasionar hipertrofia cardíaca, debido ó defecto no cerre das válvulas. Articularmente provoca inflamacións de pequena evolución e moi dolorosas nas articulacións, mais non produce deformacións. "Lambe as articulacións, mais roe o corazón". A persistencia de dores durante semanas nos membros inferiores pode ser unha reacción da pel de tipo alérxico, chamada Eritema Nodoso.

DATAS PARA UNHA VIDA

1810

11 de agosto.

Casan en Viveiro don Antonio Díaz Martínez, solteiro, con dona María López Corbelle, solteira, ámbolos dous veciños da parroquia.

1811

15 de septembro.

Nace en Viveiro Nicomedes Pastor Díaz Corbelle. Foi bautizado o mesmo día e foron padriños don Antonio López Corbelle, avó materno, e dona Pastora Corbelle Senra, tía materna.

1813

14 de novembro.

Nace súa irmá María del Patrocinio Carlota Luisa.

Foron padriños don Luis de Ponte y Martínez, crego de Benquerencia e María Pernas.

1817

13 de maio.

Nace súa irmá Petra Claudia Nicolasa. Foron seus padriños os avós maternos. Esta irmá de Nicomedes casaría con don Francisco Armesto, veciño de Lugo.

1818

18 do outono.

Nicomedes Pastor Díaz Corbelle ingresa no Colegio Insigne de la Natividad de Nuestra Señora de Viveiro onde estudia gramática.

1819

14 de xuño.

Nace María del Carmen Josefa Buenaventura, outra irmá, da que foi padriño don Manuel Veiga e madriña dona Josefa Corbelle Senra, tía súa.

1821

28 de agosto.

Nace seu irmán Felipe Benicio do que Nicomedes Pastor foi padriño.

18 de outono.

Ingresa no Seminario Conciliar de Mondoñedo Nicomedes Pastor para estudiar filosofía.

29 de Novembro.

Participa nun certame académico do seminario.

1823

Neste ano compón unha elexía á derrogación da Constitución.

1826

6 de xullo.

Nace María del Pilar da que foron padriños Nicomedes e Petra Díaz.

1827

Neste ano escribiu o poema "El amor sin objeto".

29 de maio.

Solicita ó Rector célula de buena conducta para se poder examinar.

3 de xullo.

Morre súa irmá e afillada María del Pilar que aínda non tiña un ano.

21 setembro.

Morre súa madriña dona Pastora Corbelle que se enterra o 22.

1828

11 de maio.

Compón o poema "A Alborada" en galego e neste ano é posible que escribira "Égloga de Belmiro e Benigno", tamén en galego.

9 de xuño.

Aproba o terceiro curso de Instituciones Civiles e acada o grao de bacharel en Leis.

11 de decembro.

Compón o poema "Mi color".

1829

7 de xaneiro.

Escribe a "Oda al silencio".

26 de xuño.

Escribe "En la muerte de un hermano niño" e "A la muerte".

21 de agosto.

Escribe "La Inmortalidad".

Curso 1829 - 1830.

Neste curso asiste á catedra de Teoloxía e Dixesto Romano Hispánico e á Academia de Oratoria das que se examina e aproba.

13 de decembro.

Nace outra irmá, María del Pilar Donata, da que foron padriños Felipe Benicio e Petra, seus irmáns.

1831

11 de novembro.

Nace Avelina e foron padriños Felipe e Carmen.

1832

2 de setembro.

Chega a Valladolid co maragato Pérez, camiño de Madrid, dende onde escribe ós seus pais. Chegaría a Madrid o día 4 ó mediodía.

1833

13 de febreiro.

Nace María Eugenia e foron padriños don Luis de Ponte, crego de Benquerencia, e Carlota, súa irmá.

20 de xuño.

Xura nas Cortes dona Isabel, filla de Fernando VII, como herdeira; o 29 de setembro morrería Fernando VII. Dona Cristina rexente.

31 do outono.

Recibe Nicomedes Pastor Díaz Corbelle o título de avogado.

1834

4 de xaneiro.

Nicomedes é nomeado "Oficial Segundo Segundo de la Secretaría de la Subdelegación de Fomento en la

provincia de Cáceres", cargo no que cesaría o 28 de febreiro.

22 de xaneiro.

Sae á rúa *El Siglo* no que escribe.

28 de xaneiro.

Ascende a "Oficial Seundo Primero de la Secretaría de la Subdelegación de Fomento en Cáceres" no que cesaría o 15 de outono de 1835.

23 de abril.

Estrease *La Conjuración de Venecia* drama histórico escrito por don Francisco Martínez de la Rosa co que empeza o Romanticismo.

24 de maio.

Bautizan a María Esclavitud Cristina Robustiana, outra irmá, da que foron padriños don Laureano Muñoz e Carmen Díaz Corbelle.

17 de xullo.

Producese "el degüello de los inocentes" en Madrid no que os milicianos asasinaron ós frades, acusados de envelenar ó pobo, acto que Nicomedes, tamén liberal, rexeitou. Neste verán declarouse a peste en Madrid.

18 de outono.

Nicomedes en Cáceres laméntase do traslado de seu pai a Lugo.

1835

5 de xaneiro.

No xornal *El Artista* publica "A la Luna".

2 de marzo.

O Duque de Rivas estrea *Don Álvaro o la fuerza del sino*.

Neste ano inaugúrase o Ateneo de Madrid, do que Pastor Díaz é socio fundador. Colabora no xornal *La Abeja* onde publica "La Mariposa Negra".

5 de outono.

Ascende a "Oficial Primero de la Secretaría del Gobierno Civil de Cáceres"; cesará o 5 de abril de 1836.

1836

Pastor Díaz, recomendado por Olózaga ó ministro da gobernación, noméano secretario do Goberno Político de Santander.

1 de marzo.

Estréase en Madrid *El Trovador*, de Antonio Gutiérrez, recluta da quinta de Mendizábal que foi licenciado pola raíña.

29 de marzo.

Ascende a "Secretario -siendo Oficial 1º- del Gobierno Civil de Santander" no que cesará o 25 de setembro deste ano.

25 de setembro.

Ascende a "Secretario del Gobierno Político en Toledo", cargo que exerce ata o 11 do outono.

11 do outono.

Ascende a "Oficial Tercero de Sección de la Secretaría del Despacho de Gobernación en la Península, con destino en Madrid"; cesará o 10 de xuño de 1837.

1837

19 de xaneiro.

O ebanista Hartzenbusch estrea en Madrid o drama histórico *Los Amantes de Teruel.*

13 de febreiro.

Larra suicídase. Ó día seguinte foi soterrado no Cemiterio de Fuencarral onde se dá a coñecer Zorrilla como poeta. Esa mesma noite na casa de Donoso Cortés, Pastor Díaz e Pacheco fanlle recitar versos.

24 de febreiro.

Foi presentado nas Cortes o proxecto da Constitución de 1837, que se empezaría a discutir o 14 de maio e sería o seu ideario político.

1 de marzo.

Publícase o primeiro numero do xornal *El Panorama,* tipo magazine inglés.

7 de maio.

Aparece o xornal *No me olvides* que segue na liña de *El Artista.*

9 de xuño.

Ascende a Oficial Tercero Tercero de la Secretaría del Despacho de Gobernación en la Península con destino en Madrid; cesará por Real Orden do 1 de novembro deste ano.

18 de xuño.

Dona María Cristina de Borbón xura a nova Constitución feito ó que Pastor Díaz adica un poema "A S.M. la Reina Gobernadora doña María Cristina de Borbón en el acto de jurar la Constitución" .

31 de agosto.

É nomeado Jefe Político de la Provincia de Lérida no que cesará por real Orden do 17 de outono deste ano.

16 de outono.

Trasládano en comisión de destino como Jefe Político de la Provincia de Segovia; cesará o 9 de xaneiro de 1838. O 12 de decembro de 1837 danlle a praza de Jefe Político de la Provincia de Segovia en propiedad; cesará en Segovia o 14 de febreiro de 1839.

1838

Xaneiro.

Publica *Su memoria*. Neste ano escribirá tamén "Enviando su retarto", "Al Acueducto de Segovia" e "Al Eresma".

1839

14 de febreiro.

Trasládano a Cáceres como Jefe Político. Cesaría o 13 de xuño de 1840 para pasar ó Ministerio de Gobernación. Exerce tamén en Cáceres de Intendente Provincial - provisional (Delegado de Facenda) dende o 15 de febreiro de 1839.

1840

18 de febreiro.

As Cortes aproban a Lei de Concellos.

Xuño.

Con Real Licencia vai Pastor Díaz para Madrid. Non lle prestaba o clima de Extremadura.

3 de xullo.

A petición propia é nomeado Jefe Político de la provincia de Castellón de la Plana.

22 de agosto.

Don Antonio Díaz, pai de Nicomedes, enfermo en Lugo, fai testamento ante Francisco Ferreiro Saavedra e dálle poder á súa muller, dona María Corbelle, para goberna-los bens da familia.

12 do outono.

Dona María Cristina renuncia á rexencia en Valencia e dispón que Quintana fose mestre das súas fillas.

Nicomedes foi visitala e ofrecerlle os seus servicios. De volta en Madrid méteno na cadea dous meses.

1841

20 de marzo.

Morreu seu pai en Viveiro. Deixaba os seguintes fillos: Nicomedes, Carlota, Petra (casada con Francisco Armesto, veciño de Lugo), María del Carmen, Felipe Benicio, Teodora, María del Pilar, Avelina, Eugenia, Cristina, todos solteiros agás Petra.

1843

11 de novembro.

Xura o cargo de deputado en Cortes pola provincia de Coruña, elixido no mes do outono.

1844

14 do outono.

Elixido deputado en Cortes pola provincia de Cáceres e distrito de Navalmoral de la Mata, fai a xura o 17 deste mes.

39 do outono.

Ten a segunda intervención no Congreso de los Diputados.

1847

28 de xaneiro.

Noméano subsecretario de la gobernación, do ministro Seijas Lozano, e toma posesión o 7 de febreiro.

7 de febreiro.

Nomeado "Subsecretario del Ministerio de la Gobernación de la península con destino en Madrid".

18 de marzo.

Nomeado Académico de Número de la Real Academia Española.

28 de marzo.

Pacheco noméao "Ministro de Comercio, Instrucción y Obras Públicas", cargo que exerce ata o 3 de agosto, cesando oficialmente o 31 de agosto de 1847.

16 de abril.

Nas eleccións supletorias de decembro 1846 sae elixido deputado en Cortes polo distrito de Pozoblanco (Córdoba) e xura neste día.

17 de abril

Ten a súa primeira intervención no Congreso como ministro de comercio falando da necesidade de dotar economicamente a propiedade literaria e estimular o desenvolvemento do pensamento.

10 de setembro.

Nomeado rector de la Universidad Literaria de la Corte, cargo que exerce ata o 27 de marzo de 1850.

17 de novembro.

Pronuncia o discurso de ingreso na Real Academia Española.

1851

4 de xuño.

Elixido deputado en Cortes pola provincia de Cáceres, distrito de Navalmoral de la Mata; fai a xura o 12 deste mes.

28 de xuño.

Para non perxudicar a Antón Coira Ares na pesquisa que se ía facer no Congreso, non vai á sesión, alegando que está doente.

1852

1 de decembro.

É elixido deputado en Cortes polo Distrito de Pozoblanco en Córdoba, posto que lle cedeu o celeirés Vicente Manuel Cociña Vizoso.

1853

14 de decembro.

Responde ó director de *La Nación*, Rúa Figueroa, dicíndolle que que é suscritor de *El Oriente*, anque lle ten simpatía ó seu director e paisano, Vicente Manuel Cociña.

1854

12 de xaneiro.

Un grupo de demócratas, moderados e progresistas, entre eles Pastor Díaz, pronunciáronse en defensa dos asinantes do Manifiesto da Prensa.

8 de agosto.

D. Joaquín Francisco Pacheco, Ministro de Estado, nomea a Pastor Díaz "Enviado Extraordinario y Ministro Plenipotenciario cerca de S.M. el Rey de Cerdeña" en Turín. Saíu de Madrid o 23 de agosto.

23 de outono

Chega a Turín despois de pasar por París por mor do cólera.

5 de novembro.

O Rei de Cerdeña recíbeo en audiencia particular en Moncalieri.

1855

22 de agosto.

É nomeado "Enviado Extraordinario e Ministro Plenipotenciario ante S.A.I. y Real el Gran Duque de Toscana" en Florencia.

1856

8 de marzo

Recibe a Gran Cruz e as insignias de S. Mauricio e S. Lorenzo.

13 de marzo

Concédenlle unha medalla en Turín.

14 de xullo

O'Donell noméao "Ministro de Estado"; cesará o 12 do outono deste ano.

1858

14 de xullo.

É nomeado "Consejero de Estado" por Real Orden, cargo no que cesará o 11 de xullo de 1859.

1859

11 de xullo.

É nomeado "Enviado Extraordinario y Ministro Plenipotenciario en la Corte de Portugal" en Lisboa, cargo no que cesaría o 17 de setembro de 1861.

1863

27 de xaneiro.

Pronuncia no Senado un importante discurso no que defende os dereitos de estola y pie de altar dos cregos, ó que lle responde o señor Rodríguez Camaleño. Sería a derradeira intervención de Nicomedes Pastor Díaz neste foro.

7 de febreiro.

Pola saúde dimite do cargo de Ministro de Gracia y Justicia.

22 de marzo.

Morre en Madrid Nicomedes Pastor Díaz Corbelle á unha menos cuarto da mañaná. Ó día seguinte é soterrado en Madrid.

1890

16 de xullo.

Don Manuel Rouco Barro, cura de Santiago de Viveiro, bendice a primeira pedra do monumento da praza.

1891

15 de setembro.

Inaugúrase o monumento a Nicomedes Pastor Díaz Corbelle na praza de Viveiro

1923

15 de setembro

Trasládanse os ósos de Nicomedes Pastor Díaz dende o Cemiterio de Madrid á igrexa de San Francisco de Viveiro.

A SÚA OBRA

A obra de Pastor Díaz imos ordenala nos seguintes grupos: A) Obra poética, B) Álbum literario; C) Biografías; D) Escritos políticos; E) Discursos parlamentarios; F) Discursos Académicos; G) Novelas; H) Cuaderno íntimo; I) Cartas.

A) Obra poética.

A obra poética de Nicomedes Pastor Díaz poderíase ordenar de distintos xeitos. Unha primeira distribución foi a que fixo o poeta en 1840 co gallo da primeira edición da súa obra. Hai tamén a de Hartzenbusch na edición da Real Academia Española de la Lengua coa que coincide Parga Sanjurjo; e por último a de Chao Espina.

Na edición de 1840 non se publican tódalas poesías que tiña escritas; hai importantes omisións ("A Albo-

rada", "Égloga de Belmiro e Benigno", etc.). Hartzenbuch arranxa a edición da Real Academia Española de la Lengua deste xeito: obras de "Adolescencia", "Juventud" y "Madurez". Sanjurjo di que o poeta "en la adolescencia se apasiona; en la juventud, siente; en la madurez, razona".

Chao Espina disponas así:

I - Poesías no castellanas; II - A personas conocidas; III - Recuerdos; IV - El Arpa de la tristeza; V - Sombras de Lina; VI - Enigmáticas; VII - Temas varios; VIII - Sonetos y una seguidilla (inédita), Romances.

Nós poñemo-las obras pola orde cronolóxica da súa producción, anque en moitas non está clara a data.

— El amor sin objeto (antes de 1825)
— Mi reclusión (1822-26)
— A Alborada (galego) (11 de maio 1828)
— Égloga de Belmiro e Benigno (galego) (1822-28)
— Mi color (11 decembro 1828)
— Oda al silencio (7 xaneiro 1829)
— La Inmortalidad (Epístola a Genaro) (21 abril 1829)
— En la muerte de un hermano niño (26 xuño 1829)
— A la muerte (1829)
— La inocencia. "A Amelia" (1830)
— La mano fría (1831-40)
— A la Luna (1832)

— La mariposa negra (1834)
— Una voz (1837)
— A S.M. la Reina Gobernadora, Doña María Cristina de Borbón, en el acto de jurar la Constitución de 1837. (1837)
— La Sirena del Norte (1837)
— Su mirar (antes de 1838)
— Su memoria (antes de 1838)
— Enviando mi retrato (antes de 1838)
— A don José Zorrilla (1838)
— Al Acueducto de Segovia (1838-39)
— Al Eresma (1838-39)
— Mi inspiración (1840)
— Vie et mort - (francés) (1840)
— Mi inspiración (1840)
— Mariposa y Flor (traducción del francés) (1840)
— Desvarío (1840)
— A la C. ... de S. ... (epístola) (1840)
— En mi despedida (1840)
— En el álbum de una señora del gran mundo (1840)
— A un ángel caído (1840)
— En los días de un magnate (hacia 1840)
— El quince de octubre. A don Diego de León, primer Conde de Belascoain (1840)

— Una tarde de lluvia (soneto) (1841)
— Último amor (1841)
— El sol de mayo (soneto) (15 maio 1849)
— El sueño de Endimión (soneto) (1846)
— En las ruinas de Itálica (1848)
— Aquí empieza de El Belén - El artículo oficial. (1857)
— Seguidilla (1859-61)

B) Álbum literario.

Del movimiento literario en España en 1837 - Prólogo a las obras de don José Zorrilla (1857) - Juicio sobre la segunda parte de "El Zapatero y el Rey" (*El Conservador,* 16 xaneiro 1842) - Poesías de la señorita Dª Gertrudis Gómez de Avellaneda. (*El Conservador,* 23 xaneiro 1842)(1842) - La Alhambra. Gonzalo de Córdoba. El Cid. (*El Heraldo 1842*) - De las novelas en España. (*El Conservador,* nº 24 - 1841)

C) Biografías.

— Don Francisco Javier de Burgos (1842)
— Don Ángel de Saavedra, Duque de Rivas (1842)

— Don Diego de León y Navarrete (1842)
— Don Ramón Cabrera (1842).

D) Escritos políticos.

La cuestión electoral en diciembre de 1839 y enero de 1840. (1839) - Situación política de 1841. (*El Conservador*, ano 1841) - Sobre la revista que en 25 de enero de 1841 pasó a la Milicia Nacional de Madrid el Duque de la Victoria, Regente. (*El Correo Nacional* nº 1076 do 3 xaneiro de 1841) - Los problemas del Socialismo (1848 - 49) - Medidas excepcionales. (*El Conservador*, nº 4 - 1841) - Progresos de la Anarquía. (*El Conservador*, nº 5 - 1841) - De la República en las sociedades modernas. (*El Conservador*, nº 13 - 1841) - Ça ira. (*El Conservador*, nº 17 - 1841) - La palabra libertad. (*El Conservador*, nº 24 - 1841) - Necesidad de un principio incontrovertible de gobierno. (*El Conservador*, nº 23 - 1841) - De las Asambleas deliberantes, como poder legislativo. (*El Conservador*, nº 21 - 1841) - De la aristocracia. (*El Conservador*, nº 22 - 1841) - De la república en las sociedades modernas. (*El Conservador*, nº 13 - 1841) - Sobre la mayoría de la Reina. (*El Sol*, 30 de marzo 1843) - A los partidos. - Principios políticos. - Administración y gobierno. - Cuestión eclesiástica. - Política exterior. - A la corte. Al

poder y a los partidos - Italia y Roma; Roma sin el Papa.

E) Discursos Parlamentarios.

— La reforma de la Constitución de 1837 (Congreso 30-X-1844)
— La dotación de culto y clero (Congreso 18-I-1845)
— La devolución de los bienes al clero (Congreso 17-III-1845)
— El matrimonio de S.M. y el de su augusta Hermana (Congreso 17-IX-1846)
— Discusión sobre aumentar la fuerza del ejército y los recursos para el material de guerra (Senado 11-V-1859)
— Redención, enganches y reenganches de la gente de mar (Senado 13-Y-1862)
— Contestación al Sr. Rodríguez Camaleño sobre su proposición para que dejase el clero de cobrar los derechos de estola (Senado 27-I-1863)

F) Discursos Académicos.

— Liceo de La Coruña en 1846. (4 novembro 1846)

— Discurso de Recepción en la Real Academia Española. (17 de novembro 1847)
— Los problemas del Socialismo (1848 y 1849) (No Ateneo de Madrid).

G) Novelas.

— *Una cita* (anécdota) (1833)
— *De Villahermosa a la China* (coloquios de la vida íntima) (A primeira parte apareceu nun folletón de *La Patria* no ano 1848)(1858).

H) Caderno íntimo.

Este caderno está inédito; nel anotou os seus pensamentos mais íntimos. Foi propiedade de don Manuel Llanos Torriglia, que en 1949 vivía en Madrid na rúa Columela 10, 3° dereita. Polo libro de don Enrique Chao Espina, Pastor Díaz dentro del Roanticismo, pódese recompoñer.

I) Cartas.

Ano	Data	Dende	Destinatario
1832	2 septembro	Valladolid	súa nai.
1834	18 outono	Cáceres	súa nai
1836	22 xullo	Santander	seus pais.
1837	14 febreiro	Madrid	súa nai.
1838	7 xullo	Segovia	seus pais.
1838	27 agosto	Madrid	seus pais.
1840	21 xaneiro	Cáceres	súa nai.
1841	23 xaneiro	Madrid	súa nai.
1841	3 xullo	Sevilla	súa nai.
1841	14 septembro	Madrid	súa nai.
1843	13 abril	Madrid	súa nai.
1843	13 maio	Madrid	súa nai.
1843	16 novembro	Madrid	a don José Mª Pereira
1843	10 decembro	Madrid	a Teodora.
1843	15 decembro	Madrid	súa nai.
1844	9 marzo	Valencia	súa nai.
1844	4 maio	Madrid	súa nai.
1845	1 marzo	Madrid	súa nai.
1845	15 abril	Madrid	súa nai.
1845	16 agosto	Bayona	súa nai.
1845	4 septembro	Londres	súa nai.
1845	4 novembro	Madrid	súa nai.

Ano	Data	Dende	Destinatario
1846	26 maio	Madrid	súa nai.
1846	2 xullo	Madrid	súa nai.
1846	23 xullo	Madrid	súa nai.
1846	10 novembro	Madrid	súa nai.
1847	3 xaneiro	Benavente	súa nai.
1847	7 xaneiro	Madrid	súa nai.
1847	12 de xaneiro	Madrid	ás súa nai.
1847	23 de xaneiro	Madrid	súa nai.
1847	2 febreiro	Madrid	súa nai.
1847	14 febreiro	Madrid	súa nai.
1848	3 marzo	Sevilla	a Teodora.
1848	6 marzo	Sevilla	a Teodora.
1848	13 abril	Sevilla	súa nai.
1848	2 maio	Málaga	súa nai.
1848	14 maio	Sevilla	súa nai.
Herdeiros Sr. S. Harguindey -			
1848	24 maio	Málaga	súa nai.
1848	25 maio	Sevilla	súa nai.
1848	5 xuño	Granada	súa nai.
1851	23 maio	Madrid	a don Antonio Neira Mosquera
1856	24 agosto	Madrid	ó Concello Viveiro.
1856	2 decembro	Madrid	a don Manuel Tojo.
1859	20 abril	Madrid	a Dª Gertrudis Gómez de Avellaneda

BIBLIOGRAFÍA

Abeja, La. Publicou *La mariposa negra* no número do 9 de febreiro 1837.

Álbum de Vivero. I *Pórtico de una guía sentimental de la Ciudad del Landro* - A.V. Ponte.

II *Lembranza de Pastor Díaz* - Ramón Otero Pedrallo.

Álbum histórico científico y literario de galicia.

Publicado por *El Correo Gallego.* Ferrol. Imp. De J.M. Abizanda 1883.

Publica o discurso de Pastor Díaz no Liceo de La Coruña.

Alcalá Galiano. (Véxase: *Piloto, El*)

Alonso Cortés, Narciso. I *Zorrilla, su vida y sus obras.* 2 tomos. Valladolid, 1926.

II *Zorrilla. Poesías.* Edición e notas de ..., en Clásicos Castellanos Nº 68

Alonso Montero, Xesús. *Pastor Díaz un avanzado do seu tempo* Conferencia dada no Teatro Pastor Díaz de Viveiro o 15 de septembro de 1991 co gallo do Centenario da inauguración do monumento da plaza.

Álvarez Blázquez, José María. *Égloga de Belmiro e Benigno* - 1951

Álvarez Insua, Waldo. 1. *Galicia contemporánea*, por... La Habana, 1889.

2. *Don Nicomedes - Pastor Díaz*. La Coruña, 1891.

América, Revista La. *Necrología*, por Juan Valera (Número do 12 de abril de 1863)

Amor Meilán. 1. Artígo sobre a amistade de Pastor Díaz e Zorrilla en *La Provincia*, Lugo, extraordinario do 13 septembro 1923.

2. *Geografía General del Reino de Galicia* . Provincia de Lugo.

Aramburu, Joaquín. *Ante lo imperecedero*, discurso de don .... Ver Boletín da Real Academia Galega.

Archivo Histórico Nacional. En Madrid, na Sección de *Hacienda, Legajo 2732, Expediente 829* atópanse datos do funcionario Nicomedes Pastor Díaz.

Artista, El .- Tomo I, entrega XVIII (páxs. 214 e 215) Poesía *A la Luna*.

Asorey García, Luis. Discurso pronunciado no Concello de Viveiro o 15 de septembro de 1995 co gallo da reedición de *Pastor Díaz dentro del Romanticismo*.

Baños, Secundino. Discurso no Boletín da Real Academia Galega.

Belén, El. Xornal que publicou un só número no Nadal de 1857. Inserta "El artículo oficial", longo romance de Pastor Díaz.

Burgos (Seguí), Carmen de. *Fígaro*, por ... Madrid, 1919.

Bermejo, Ildefonso .- *La estafeta de Palacio*, tomos I e II. Madrid, 1871.

Blanco García, P. Celso. *La Literatura Española en el Siglo XIX*. Madrid

Blecua, José Manuel. *Poesía Romántica*. Tomo II

Boletín da Real Academia Galega. 1.Discurso de recepción na R.A.G. por don José Antonio Parga Sanjurjo e resposta de don Manuel Murguía. (Ano II, nov. 1907, Nº 16 e 17)

2. Número 42 do 20 xaneiro 1911, vide Tobío Campos, Luis.

3. Tomo V, agosto 1911 a mayo 1912 leva: Retrato de Pastor Díaz,

Unas líneas de Murguía, Nicomedes Pastor Díaz (por E. Carré Aldao), *La Sirena del Norte*, Discurso pronunciado por don Nicomedes Pastor Díaz no Liceo de A Coruña en 1840, *Vie et mort*, Casa onde naceu don Nicomedes Pastor Díaz, igrexa onde foi bautizado, monumento erixido a súa memoria, anécdotas de Murguía, Bibliografía (Obras de Pastor Díaz), Sección Oficial (Xunta do 1 de septembro 1911 na que

se trata das festas que se fixeron co gallo do Centenario de Pastor Díaz), (Xunta do 15 de septembro 1911 celebrada na casa de J.A. Parga Sanjurjo, en Viveiro, co gaio do Centenario), (Memoria lida polo Segretario na xunta anterior), (Primeiro Centenario do nacemento de don Nicomedes Pastor Díaz, actos nos que participou a R. A. Galega) , (Oración fúnebre que pronunciou e Marcelo Macías no Centenario do nacemento de Nicomedes Pastor Díaz - 15 septembro 1911), (Discurso de Manuel Murguía), (Sinatura do poeta e derradeiro retrato), (Noticia da velada celebrada no Gran Teatro Nacional de La Habana o 15 de septembro de 1911 e discurso de Secundino Baños y Aramburu), Poesía *A la Luna*.

Bonilla San Martín. *El parnaso Español de los siglos XVIII y XIX*.

Cal Pardo, Enrique. *D. Ramón Canosa y el Príncipe del Romanticismo* Heraldo de Vivero do 15 de septembro de 1995

Homilía pronunciada o 22 - III - 1962 na igrexa de S. Francisco,Viveiro.

Cambronero, Carlos. *Isabel II íntima*.

Campoamor, Ramón.- *Historia Crítica de las Cortes Reformadoras*. 1845.

Campo Domínguez, María del Pilar. *O galego da "Égloga de Belmiro e Benigno"*. Programa de Festas de Viveiro do verán de 1986.

Canosa Suárez, Ramón. *Un siglo de Banca Privada.* Madrid. *Nuevas Estampas de un Pueblo Gallego.* Madrid, 1967.

Cánovas del Castillo, Antonio. Introducción ó tomo IV das *Obras de Pastor Díaz.* Madrid, 1867.

Carré Aldao, Eugenio. *Literatura Gallega.*

Casal, Conde de. *Las espléndidas fiestas literarias dadas por los Marqueses de Molins,* publicado en *El Español* ano II, número 10. Madrid, 2 de xaneiro de 1943.

Cejador, Julio. *Historia de la Lengua y Literatura Castellana,* Tomo IV.

Cociña de Llansó, Camelia. *Un recuerdo a Pastor Díaz,* publicado en *La Defensa.* Viveiro, 1923.

Conservador, El. Xornal de Madrid no que publicou Pastor Díaz:

Ano 1841 - Nº 4. *Medidas excepcionales.*

- Nº 5. *Progresos de la anarquía*
- Nº 13. *De la República en las sociedades modernas.*
- Nº 17. *Ça ira.*
- Nº 21. *De las asambleas deliberantes como poder legislativo*
- Nº 23. *De la aristocracia*
- Nº 24. *Libertad*
- Nº 24. *De las novelas en Esaña*

Ano 1842

16 xaneiro: *Sobre la segunda parte de "El Zapatero y el Rey"*

23 xaneiro: *Poesías de la señorita Gertrudis Gómez de Avellaneda*

Correo Nacional, El. Xornal de Madrid no que publicou P. Díaz.

Nº 1069. *Poesías de Don Nicomedes Pastor Díaz*, por García Tassara

Nº 1076. *Sobre la revista que el 25 de enero de 1841 pasó a la Milicia Nacional el Duque de la Victoria*, por don Nicomedes Pastor Díaz.

Cotarelo Valledor, Armando. Vide *El Heraldo de Vivero.*

Couceiro Freijomil, Antonio. *El Idioma Gallego. Historia, Gramática, Literatura.* Barcelona, 1935

Cuaderno de autógrafos de Nicomedes Pastor Díaz.

Chao Espina, Enrique. *A Nicomedes-Pastor Díaz en el XIV aniversario del traslado de sus restos a Galicia.* Folletiño do 15 septembro 1937 (Ourense).

La Mariposa negra de Nicomedes-Pastor Díaz y Corbelle. SPES 1943.

Semblanza de Pastor Díaz. SPES Pontevedra, 1943.

Una composición olvidada. En la muerte de un hermano niño. 1944.

Estudio y autógrafos de Pastor Díaz (libro inédito).

Pastor Díaz dentro del Romanticismo. Ribadeneira. Madrid 1949

Donoso Cortés y Pastor Díaz. El Español, nº 206, do 5 de outono 1946

La Sirena del Norte de Pastor Díaz. Folleto publicado en 1947.

Una oda de Pastor Díaz. A la inmortalidad. El Correo Gallego (24-I-47).

Vivero en la producción literaria de Pastor Díaz conferencia 22-III-1963

De Galicia en el pasado siglo XIX (1972).

Libro y Guía de Vivero (1976).

Vivero a los cuatro vientos (1976).

El tema del mar en Pastor Díaz Heraldo Vivero nº 2490 do 12-IX-1986.

Historia de Vivero (Ed. O Castro,1988).

El Landro en la pluma pastordista Heraldo Vivero nº 2609; 6- I-1989.

La sombra de Lina, el amor vivariense de Pastor Díaz . H.V. 13-I-1989.

Pastor Díaz y los marineros Heraldo de Vivero nº 2636 ; 14-VII-1989.

Pastor Díaz y el mar Heraldo Vivero nº 2607- do 23 decembro 1993.

Diario de las sesiones del Congreso de los Diputados.

1. Ano 1843; Tomo III; nº 22; páx. 162; Tomo III; nº 25; páx 176
2. Ano 1844; Tomo I; nº 2; páx. 3; Tomo I; nº 3; páx. 7; Tomo I; nº 31; páxs. 254, 256 e 258.
3. Ano 1845; Tomo III; nº 99; páxs. 413 e 416.
4. Ano 1851; Diario nº 3; páx. 13; Diario nº; páx. 31.

A Real Academia publicou os máis famosos discursos parlamentarios de Nicomedes - Pastor Díaz.

Díaz Andión, José. *El Universo*. Madrid, 12 septembro 1923.

Díaz Plaja, Guillermo. *La veñtana de papel*. (1940). *Historia de la Literatura Española*.

Díaz Corbelle, Nicomedes - Pastor. Obras e edicions:

Poesías Madrid 1840.

Biografías y retratos. En compaña de F.Cárdenas - Madrid, 1841-44.

Compendio histórico-crítico de la Jurisprudencia romana desde su principio hasta los tiempos de Justiniano. Madrid 1842 e 1843[2].

A la Corte y a los Partidos. Madrid, 1849.

Diccionario de política. Madrid, 1849.

De villahermosa a la China. 2 tomos. Madrid, 1849.

Obras de Nicomedes-Pastor Díaz. En seis tomos. Madrid, 1866-68.

Los Problemas del Socialismo. Conferencias do Ateneo.Vivero, 1923.

Hasta qué punto la participación en los negocios públicos de los que cultivan las letras y profesan las ciencias puede ser causa o síntoma de decadencia en la literatura de una edad. Madrid, 1866.

Enciclopedia del siglo diez y nueve ... Madrid, 1848.

Díez Canedo, Enrique. Discurso ... (vide Heraldo de Vivero)

Enciclopedia Española del Siglo Diez y Nueve... (v. Díaz)

Enciclopedia Gallega. Tomo 9 (v. Díaz Corbelle)

Escosura, Patricio de la. *Carta a Fermín de la Puente*. Madrid, 1868.

Estudios Gallegos. Revista. Madrid, 1915

Fernández Bretón. *La Ilustración Española y Americana*. 1891.

Fernández de los Ríos, A. *Estudio Histórico de las luchas políticas del siglo XIX*. (Madrid, 1870).

Fernández de Retana, Padre Luis. *Compendio histórico-crítico de la literatura castellana*.

Fernández del Riego, Francisco. *A galeguidade de Pastor Díaz. Heraldo de Vivero* do 17-V-1991.

A voz precursora de Pastor Díaz. La Voz de Galicia do 5-VIII-1994.

Fernández del Río, A. *Galería de la Literatura Española*. Madrid 1846.

Prólogo ó III tomo das *Obras de Pastor Díaz*. Madrid, 1867.

Fray Gerundio. Xornal editado en Madrid por J.B. Moreno en 1843.

Galdo Fernández, Fausto. *El cuadro del Ayuntamiento. Heraldo de Vivero* do 30-VI-1989.

Pastro Díaz, enfermo reumático. Heraldo de Vivero do 10-XI-1989.

La pintura de Vivero de hace un siglo. Heraldo de Vivero do 23-II-1990.

La iconografía de Pastor Díaz. Heraldo de Vivero do 14-IX-1990.

La estatua de Pastor Díaz. Heraldo de Vivero do 19-IV-1991.

A velada literaria de 1882. Heraldo de Vivero do 27-IX-1991.

Galería Dramática. *Obras completas de don José Zorrilla.* 1837.

Gamallo Fierros, Dionisio. Xornal *Ya.* Páx. 3 do 22 outono 1943.

Sigue El Escándalo. El Español do 13 novembro 1943.

Pastor Díaz y "El Escándalo". La Hoja Oficial del Lunes do 15-XI-43.

Dos poetas románticos. Pastor Díaz y Zorrilla. Riberas del Eo. 1944.

Una carta de Pastor Díaz a los vecinos de Vivero. H.V. do 10-IX-1993.

García López, José. *Historia de la Literatura Española.* Barcelona 1948.

García y Tassara. (Vide. *Correo Nacinal,* El).

González Blanco, Andrés. *Historia de la Novela.* 1909.

Güemes Díaz, Fernando. *Pastor Díaz y el flamenco. Heraldo de Vivero* do 5-VIII-1988.

El armario de don Nicomedes. Heraldo de Vivero do 10-IX-1993.

Salvas de ordenanza. Heraldo de Vivero do 14-IX-1990.

Gutiérrez Gamero, E. *Mis primeros ochenta años.* 1925.

Gutiérrez Menoyo, Pablo. *Nicomedes Pastor Díaz, ateneista fundador. Heraldo Vivero* 23-IX-1994.

Hartzenbusch, Juan Eugenio. Prólogo das *Obras de Pastor Díaz.* 1866.

Heraldo de Vivero. No nº do 15 de septembro de 1923 están os discursos pronunciados co gallo do traslado dos restos de Pastor Díaz a Viveiro. Ademais neste xornal aparece tódolos anos polo 15 de setembro algún editorial ou traballo sobre Pastor Díaz. Poñemos H.V. abreviado.

Ideal Gallego, El. Co gallo do traslado dos restos de Pastor Díaz o día 13 de setembro de 1923 publicou un número extraordinario con traballos Carré Aldao, X., Manuel Murguía, Leandro Saralegui, e Un Coruñés. Neste xornal tamén don Enrique Chao Espina publicou varios traballos sobre Pastor Díaz.

Ilustración Gallega y Astuiana, La. Tomo I nº 27; do 30 de septembro de 1879.

Tomo II nº 6; do 28 de septembro de 1880.

La Fuente, Modesto. *Historia general de España desde los tiempos primitivos hasta la muerte de Fernando VII.*

Leal Insua, Francisco. *Pastor Díaz, Príncipe del Romanticismo.* Lugo, 1943.

Un pueblo de escritores.

La fiesta de San Roque en mi pueblo. El Ideal Gallego. 15-VIII-1947.

Lence Santar, Eduardo. *Estudiantes ilustres del Real Seminario Conciliar de Santa Catalina de Mondoñedo (inédito).*

López Peláez, Antolín.

Pastor Díaz sociólogo. Lugo, 1917.

Las poesías de Pastor Díaz. Almanaque Gallego, 1918.

Macías y García, Marcelo. *Oración fúnebre en el Centenario del natalicio de don Nicomedes-Pastor Díaz. Boletín de la Real Academia Gallega,* Tomo V, Ano 1911.

Madoz, Pascual. *Diccionario Geográfico Estadístico. Historia de España y sus posesiones de Ultramar.* Madrid, 1847.

Marqués de Castelar. Archivo del Sr. ... *Legajos de Javier de Quinto.*

Martínez Kleiser, Luis. *Sobre el "Escándalo".* Xornal *Ya* 23-X-1943.

Menéndez y Pelayo, Marcelino. *Estudio Preliminar al libro Poesías de Amós Escalante.* Madrid, 1907.

Ministerio de Asuntos Exteriores. No Arquivo gárdase o *Legajo 189, Expediente 19.073* cos datos da súa actividade diplomática.

Moar Fandiño, José. *Pastor Díaz visto por Moar y Fandiño. El Correo Gallego,* 1919, reproducido no *Heraldo de Vivero* do 6-II-1987.

Molíns, Marqués de. Prólogo a *Italia y Roma; Roma sin el Papa.* Madrid, 1866.

Mouriño, P. José. *La Literatura Medieval en Galicia* (Biblioteca Estudios Gallegos) 1929.

Murguía, Manuel. *Pastor Díaz.* Madrid, 1880.

Pastor Díaz. La Ilustración Gallega y Asturiana, do 28 - II - 1880.

Los Precursores. A Coruña.

Contestación al discurso de recepción en la Real Academia gallega de don José A. Parga Sanjurjo. Boletín de la Real Academia. 1907.

Discurso en la velada literaria de Viveiro con motivo del Centenario. Boletín de la Real Academia. A Coruña, 1911.

Museo Artístico y Literario - Madrid, 1837.

Del movimiento literario en España en 1837.

Museo Universal, El.- Xornal de Madrid do século pasado.

Año III. Nº 1 de xaneiro 1859.

Año X, Nº 5 agosto 1866.

Año X, Nº 19 agosto 1866.

Núñez Díaz, Gerino.

Pastor Díaz, un hijo más del pueblo. Programa de Festas de Viveiro 1986.

El Acuerdo municipal del 175 aniversario del nacimiento de Pastor Díaz.

Heraldo de Vivero, do 30 - I - 1987.

La impronta de Pastor Díaz en el Romanticismo español otra vez en primer plano. Heraldo de Vivero, do 3 - IV - 1987.

Pastor Díaz, hijo de una familia humilde. H.V. do 14-IX-1990.

Ochoa, Eugenio. *Apuntes para una biblioteca de escritores españoles en prosa y verso.* Parés, 1840.

Otero Pedrayo, Ramón. *Romanticismo, saudade, sentimento da raza e da terra en Pastor Día, Rosalía de Castro e Pondal.* Santiago.

Ensayo Histórico sobre la cultura gallega. Santiago, 1923.

Pastor Díaz, Poeta de la elegía romántica. El Español, 26-II-1944.

Guía de Galicia. Madrid, 1926.

Otto von Leixner. *Nuestro Siglo.*

Pacheco, Joaquín Francisco. *Italia.* Madrid.

Pardo Bazán, Emilia. *De mi tierra*. Madrid.

La Quimera. Conferencia. Madrid. 1912.

Pastor Díaz. A Coruña, marzo 11 de 1882.

Parga Sanjurjo, José Antonio. *Nicomedes Pastor Díaz. Revista Contemporánea*. Abril 1895.

Discurso de recepción na Real Academia Galega. Boletín da R.A.G. Año II. 20, novembro, A Coruña, 1907.

Pastor Galcerán, Gabriel.- Os herdeiros deste sobriño de Pastor Díaz teñen unha carta de Alarcón a Carmen, irmá do poeta, e un soneto.

Pérez Rodríguez, Modesto. *Nicomedes Pastor Díaz respalda a dos vivarienses y apoya a un betanceiro. Heraldo de Vivero* do 27 septembro 1991.

En torno al inicio del super católico Antonio - María Coira Ares. Revista *Pregón* da Semana Santa en Viveiro. Ano 1992.

La anomalía electoral protagonizada por Lugo, Coruña y Viveiro frente a Nicomedes - Pastor. Programa de Fiestas de Viveiro. 1992.

Conferencia. Pronunciada na Coruña o 23 de maio 1992.

Dos trances que Coira Ares superó de manera antagónica. H.V. 1992.

La concordia en que ha culminado el quinto desaire electoral inferido a Nicomedes - Pastor. Heraldo de Vivero, do 10 septembro 1993.

Un nombramiento principal y dos adjuntos en pro de Nicomedes Pastor Díaz Corbelle. Heraldo de Vivero, 16 septembro 1994

Pedret Casado, Paulino. *Un antiguo alumno de la Universidad de Santiago* publicado no *El Correo Gallego* do 25 xullo 1944.

Perseverancia (Pontevedra). Este xornal publicou en 1858 un artigo de Rodríguez Seoane.

Pida, Pedro José. *Estudios Literarios*. Tomo II.

Piloto, El. Alcalá Galiano analizou nos números 289 e 290 o manifesto *A la Corte y a los Partidos*.

Piñeiro, Enrique. *El Romanticismo en España*. Edt. Garnier Hnos. París

Pirala. *Anales* dende 1843.

Progreso, El. Vide Leal Insua.

Puente y Apecechea, Fermín de la. *Noticia biográfica*. Tomo I das Obras de don Nicomedes Pastor Díaz. Madrid 1866.

Recreo Compostelano. Tomo II. Santiago, 1843.

Rico y Amat, Juan. *El libro de los diputados y senadores*. Tomo III.

Ríos y Rosas, Antonio. O prólogo do Tomo V das *Obras de Pastor Díaz*. Madrid, 1868.

Rivas Santiago, Natalio. *Políticos, gobernantes y otras figuras españolas*. Tomo II. Madrid 1933.

Rodao, José. Artigo publicado en *El Norte de Castilla*. Setembro 1923.

Rodríguez González, Eladio. *Pastor Díaz en la poesía y en la literatura gallega*. Discurso do secretario da Real Academia galega na velada necrolóxica de Vigo o 13 de septembro 1923. B.R.A.G. nº 155 e s.

Rodríguez Seoane, J. José. Artigos e novelas. *De Villahermosa a la China*. A Coruña, 1889

Sandoval, Adolfo de. *El último amor de Bécquer*.

Sánchez de Castro, Francisco. *Lecciones de Literatura General y Española*. Madrid, 1890

Sánchez Reboredo, José. *El romántico dolor de Pastor Díaz*.H.V. do 14 febreiro 1992.

Saralegui y Medina, Leandro. *Galicia y sus poetas*. Ferrol, 1886.

Juicio como escritor gallego. Vide *Ideal Gallego*, El.

Semanario Pintoresco Español. 1849. Publica o traballo de Pastor Díaz *Fragmento de una meditación en las ruinas*.

Sol, El. No número do 30 de marzo, 1843 artigo sobre a maioría da Raíña.

Tejada Spínola, Francisco Elías de. *La tradición Gallega*. Madrid, 1944

Tobío y Campos, Luis. Publicou datos de Pastor Díaz no B.R.A.G. o 20 de xaneiro 1911 co gallo do Centenario do poeta.

Valera, Juan. *Obras escogidas de Juan Valera*. XIII Ensaios. Madrid, 1928.

Necrología. Vide América.

Obras completas. Tomo XXX. Madrid 1858.

Valle Moré, José del. *Pastor Díaz, su vida y su obra*. La Habana, 1911.

Vesteiro Torres, Teodosio. *Páginas sueltas*. Lugo, 1841.

Villar Ponte, Antonio.

Pórtico de una guía sentimental de la Ciudad del Landro. Vide Álbum de Vivero.

Introducción a un ensayo sobre la importancia de las lenguas vernáculas. En *El Pueblo Gallego* do 25 xullo 1935.

Zorrilla, José. *Recuerdos del tiempo viejo*. Publicouse en *Los Lunes de El Imparcial*.

ÍNDICE

Presentación 5

Biografía 7
Nacemento e primeiros anos 7
No Colexio Insigne 10
O sentimento patriótico 12
Primeiro amor 14
En Mondoñedo 15
Na Universidade de Santiago 17
En Madrid 24
Xornalista e funcionario 28
Na política 32
Annus horribilis 39
As eleccións, ministro, académico, rector 41
Diplomático 45
De volta en Madrid. Outra vez ministro 48
A morte 49
A súa doenza 51

Datas para unha vida 53

A súa obra 69
A - Obra poética 69
B - Álbum literario 72
C - Biografías 72
D - Escritos políticos 73
E - Discursos parlamentarios 74
F - Discursos académicos 74
G - Novelas 75
H - Caderno íntimo 75
I - Cartas 76

Bibliografía 79

Este libro *Nicomedes Pastor Díaz*
rematouse de imprentar
no obradoiro gráfico Litonor
o 10 de decembro de 1998
Día Internacional dos
Dereitos Humanos